O obxecto do Patronato era “redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer”. Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu unha auténtica cárcere da moral na que se recluíu a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por “desviarse” das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de “casas de acollida”, rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias...

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas “casas de acollida” eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.

No referente a Galiza non existen investigacións sobre os centros de reclusión, a non ser a referencia en estudos de ámbito estatal ao caso da “Casa Hogar Nuestra Señora de los Ojos Grandes” de Lugo, que estivo en funcionamento entre 1943 e 1986. O que si se conserva é a documentación das “Juntas Provinciales”, que están depositadas nos arquivos históricos provinciais. E habería que investigar a documentación das propias congregacións relixiosas.

Cando xa transcorreron case 40 anos da supresión do Patronato, mantense unha pesada lousa de silencio e impiedade sobre esta materia, e en xeral sobre a represión cruenta e continuada que sufriron as mulleres durante o franquismo. E está tamén por estudar, coñecer e recoñecer o papela das mulleres como protagonistas da resistencia -incluíndo a súa participación na guerrilla antifranquista-, como creadoras de redes de solidariedade, e como transmisoras da memoria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

-Que actuacións ten previsto desenvolver o goberno galego para dar a coñecer a historia das mulleres galegas como vítimas da represión franquista e protagonista da resistencia contra a Ditadura?

-Ten previsto a Xunta desenvolver algún programa para o ámbito do ensino que fomenta a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha persecución, represión e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual?

- Vai desenvolver a Xunta algunha medida dirixida á localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do “Patronato de Protección de la Mujer” existente en arquivos e institucións galegas?

- Vai impulsar o goberno galego a investigación e a divulgación de traballos sobre o “Patronato de Protección de la Mujer”?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2022 09:58:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2022 09:58:30

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2022 09:58:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a avaliación dos plans de igualdade nos centros de ensino.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a estratexia para a igualdade nos centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 a Xunta de Galiza anunciou a creación do *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia*. Entre os obxectivos anunciados neste plan estaban (entre outros) a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, a integración da diversidade afectivo-sexual ou a loita contra a violencia machista dende o ámbito educativo.

Mais a pesar de que o plan tiña un horizonte de traballo entre os anos 2016 e 2020 non foi ata setembro do curso 19/20 cando se deron as instrucións (vagas e sen medidas concretas) para elaborar os plans de igualdade.

Nese mesmo curso a Xunta obrigou os centros a elaborar os plans de igualdade. Foron moitas as protestas dos claustros por dar unha instrución que obrigaba a elaborar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estes plans nun dos momentos de máis traballo do curso e sen ofrecer nin materiais, nin moito menos recursos para levalos adiante.

Pero ademais fíxoo cunha disparidade de criterios absolutamente intolerábel. Namentres algúns centros integrados de FP recibían 35.000 euros e documentación con medidas concretas, moitos outros centros recibían apenas 1000 euros para desenvolver o plan, pero coa mesma obriga de presentar o documento de xeito inminente.

A consecuencia desta nova falta de previsión e recursos da Xunta foi que moitos centros víronse na obriga de elaborar uns plan (que deberían ser unha ferramenta fundamental na dinámica académica) de xeito *expres* para cumprir coa obriga da Xunta que, coma tristemente se demostrou, pretendía tan só vender un titular de última hora.

A día de hoxe, dous anos despois de rematado o período establecido para o *Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galiza*, aínda hai centros de ensino que non teñen elaborados estes plans.

Pero o que é mesmo peor, a ausencia de interese real por parte do Goberno Galego para levar adiante estes plans (así como a ausencia de recursos e materias) fixo que moitos centros que elaboraron o documento, non puidesen executalo e outros recoñezan que tan só puideron facer actuacións de carácter testemuñal, sen un impacto real na realidade académica.

Porén, e pesar de que dende o BNG esixiuse, a Consellaría de Educación nunca publicou un estudo serio sobre avaliación do impacto destes plans para a igualdade nos centros de ensino. Tanto é así que a día de hoxe, non coñecemos os resultados deses plans nin tampouco nada sabemos sobre se o chamado *I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia* terá avaliación e/ou continuidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

. Que valoración fai o goberno galego sobre o *I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?

. Elaborou o goberno galego algún estudo de avaliación dos resultados ou o impacto do *I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?

. Ten pensado a Consellaría de Educación publicar algún informe no que se aborde o impacto do *I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?

. Vai o goberno galego dotar os centros de ensino materiais e recursos para poder levar adiante os obxectivos propostos nos plans elaborados ao abeiro *I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?

. Ten pensado a Consellaría de Educación elaborar unha *Nova estratexia para a igualdade nos centros de ensino* dotada do financiamento, materiais e recursos necesarios e que permita implementar medidas reais pola igualdade no ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2022 11:26:02

Daniel Castro García na data 18/02/2022 11:26:10

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2022 11:26:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a elaboración dun plan de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre a necesidade de elaborar plans de igualdade para o profesorado do ensino público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 11 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza establece que “ Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma”.

Mais a pesar de que esta lei foi aprobada no ano 2007, a día de hoxe o profesorado do ensino público galego, non conta con plans de igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo dos últimos anos, dende organizacións sindicais como a CIG-ensino, vense demandando a elaboración dun estudo sobre igualdade entre o profesorado no que se poidan examinar, entre outros, datos como as porcentaxes de homes e mulleres nos diferentes corpos e especialidades, a presenza de mulleres nos equipos directivos, datos de acoso, actitudes sexistas, etc.

É evidente pois, que alén da necesidade social e laboral, a Consellaría de Educación, en cumprimento da lexislación vixente, está obrigada a elaborar un plan de igualdade para o profesorado do ensino público galego non universitario. Un plan que non pode ser imposto pola administración e que debe ser froito da negociación colectiva cos representantes dos traballadores.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

Vai a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade constituír unha comisión negociadora do plan de igualdade para dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente e elaborar os plans de igualdade para o profesorado do ensino público non universitario de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/02/2022 12:26:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2022 12:26:13

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2022 12:26:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia,** sobre a necesidade de atender á saúde mental no ámbito educativo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a atención da saúde mental no ámbito educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Pandemia da covid-19, ao tempo que amosou o exemplo do profesorado, alumnado e familias para afrontar os cursos máis difíciles en décadas, puxo tamén enriba da mesa moitas das feblezas do noso sistema educativo.

Feblezas que tiveron que ser suplidas cun esforzo inxente da comunidade educativa e que xa teñen sido abordadas e denunciadas polo BNG neste Parlamento. Mais algúns dos problemas que estaban xa a ser detectados no ensino público antes da pandemia, sufreron un incremento no últimos tempos.

As situación de tensión e estrés pandémico vivido nos últimos meses fixo que, tal e como están a denunciar dende os centros, se producise un incremento de fenómenos relacionados coa saúde mental e que se traducen en realidades como a agresividade verbal a violencia ou a inseguridade nas aulas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que despois da situación vivida pola comunidade educativa, faise imprescindible atender os problemas de saúde mental que se están a evidenciar. Poñer o foco na saúde mental para abordar os problemas que existen xa a día de hoxe, mais sobre todo, poñer o foco na saúde mental para previr, paliar na medida do posíbel e/ou evitar que a onda pandémica da covid, veña da man dunha outra pandemia de saúde mental.

Mais a realidade que os centros de ensino están a trasladara este respecto é unha vez mais a da desidia e abandono por parte da Consellaría. Foi xa en Febreiro do ano 2021 cando o Conselleiro de Educación anunciou o Plan de benestar emocional para o ensino galego. Mais o certo é que un ano despois, ese plan demostrouse unha vez máis propaganda baleira e papel mollado.

Tanto é así que nestes días, son os propios centros de ensino os que están a denunciar a absoluta carencia de recursos e persoal para atender as necesidades de saúde mental que están a detectar. Carencias que teñen que ser abordadas por un profesorado que está ao límite é que ven de pasar situacións extremas no seu postos de traballo.

Lembremos que a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade establecía no capítulo VII “O desenvolvemento social e emocional do alumnado” e no capítulo VIII “O desenvolvemento persoal e profesional do profesorado”.

Porén, o que os claustros están a denunciar é que o único que acadou esta orde foi unha maior carga burocrática para os centros, que novamente ficaban sen recursos para abordar as crecentes necesidades emocionais e de saúde mental de alumnado e profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que a atención á saúde mental de profesorado, PAS e alumnado debe ser unha prioridade sempre, pero moito máis para os tempos que estamos a vivir.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre o incremento dos problemas de saúde mental que se están a dar no ámbito educativo?
2. Vai a Consellaría de Educación elaborar un Plan para a atención á saúde mental no ámbito educativo que permita aos centros de ensino contar co persoal e recursos necesarios para atender as necesidades de saúde mental?
3. Ten pensado a Xunta de Galiza dotar aos departamentos de orientación do persoal e recursos necesarios para atender as necesidades de saúde mental?
4. Vai o goberno Galego dotar de especialistas e recursos os equipos de Orientación Específicos para dar resposta ás necesidades crecentes en materia de saúde mental que están a sinalar os centros educativos do país?
5. Vai a Consellaría de Educación proceder á creación de equipos multidisciplinares formados por profesionais do ámbito social, sanitario e educativo que permitan unha mellor atención ao alumnado e as familias no tratamento e prevención dos problemas de saúde mental?
6. Ten pensado a Xunta de Galiza elaborar programas de formación para profesorado e familias encamiñados á detección precoz dos problemas de saúde mental





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no ámbito educativo , poñendo especial énfase nos programas de prevención do suicido?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2022 13:15:27

Daniel Castro García na data 18/02/2022 13:15:36

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2022 13:15:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a posta en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OMS afirma que a saúde das mulleres e nenas está influenciada pola bioloxía relacionada có sexo, o xénero e outros determinantes sociais. Detectar e cubrir as necesidades sanitarias da muller é un dereito e un deber dos servizos sanitarios públicos, que ademais debe recoñecer as achegas das mulleres á saúde da sociedade na súa función produtiva e reprodutiva, como consumidoras e ao mesmo nivel como prestadoras de asistencia sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai consenso mundial en que a atención da saúde da muller debe facerse cun enfoque que englobe o seu ciclo vital completo, o que permitirá advertir de que forma as intervencións na infancia, adolescencia, a etapa reprodutiva e ata o final da súa vida, inflúen no estado de saúde ulterior e na de xeracións futuras.

As matronas son profesionais recoñecidas e cualificadas na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a nenez ata a senectude.

O plan formativo da súa especialidade cualifícaaas para liderar a atención á esfera sexual e reprodutiva das mulleres, repercutindo de modo beneficioso na súa saúde global. Teñen recoñecida capacidade e autonomía na toma de decisións na atención e seguimento dos procesos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva tal como se recolle na Ley 44/2003, de 21 de noviembre, de ordenación de las profesiones sanitarias (LOPS).

A evidencia demostra que os coidados levados a cabo por matronas conseguen bos resultados de saúde, con menores taxas de intervencións, menores custos e maior satisfacción para ás mulleres. As matronas non só abordan aspectos reprodutivos das mulleres, senón tamén formación e información afectivo-sexuais, asesoramento sobre saúde menstrual, contracepción, interrupción do embarazo, climaterio, papel relevante na detección de saúde mental materna, da violencia de xénero, dispareunia...

A pesares de todo o dito e dos evidentes beneficios que aportan as matronas para a atención á saúde das mulleres as eivas no Sergas é palmaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar en canto ao número existentes. Segundo os últimos datos rexistrados, a media de matronas por 100.000 habitantes nos países da OCDE é de 69,8. Estes datos distan moito da situación actual en Galiza, é unha das Comunidades Autónomas coa ratio matrona/muller máis baixos. Conta cun número insuficiente de matronas para ofrecer a atención e coidados especializados que requiren as galegas. Este déficit é especialmente visíbel en Atención Primaria, ao tempo que existe unha grande inequidade en función da zona xeográfica de Galiza onde viva unha muller, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.

Existe tamén unha dotación inadecuada de espazos físicos e materiais tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación sexual, reprodutiva e maternal.

É preciso un enfoque das políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres, evitando a súa hipermedicación. Unha atención que debe ser proporcionada pol@s profesionais axeitadas, entre @s que @s matronas teñen un papel fundamental.

O acceso a coidados de calidade é un dereito humano básico, tamén das mulleres, se non existen rateos axeitados de profesionais para atender as súas necesidades, nin dispositivos suficientes e ben dotados, non é posíbel, por estas razóns preséntanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cal é estratexia da Xunta para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que accións vai realizar para eliminar a inequidade que padecen as galegas en función da zona xeográfica de Galiza onde vivan, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria?

Vai aumentar as prazas de matronas tanto en atención primaria como especializada para garantir a equidade en toda Galiza como para que as rateos matrona/ mulleres sexan como mínimo a da media da OCDE?

Cando vai realizar o reforzo do número de matronas na Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital?

Considera que o material co que contan as consultas das matronas de Atención Primaria está en condicións e é o acaído para prestar unha atención digna?

Non lle parece precisa a implementación inmediata dun plan para a dotación adecuada de espazos físicos, materiais e dispositivos telemáticos tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación efectivo-sexual, reprodutiva, maternal...?

Ten algunha estratexia para garantir a presenza de matronas en todos os COF?

Garantir a calidade asistencial no parto: avaliación da prestación, publicación anual dos resultados, actualización de protocolos, garantir a libre elección de hospital como se establece na Lei de Garantías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera acaído o número de unidades de chan pélvico existentes en Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2022 18:06:45

Iria Carreira Pazos na data 21/02/2022 18:06:48

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2022 18:06:57



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, Elena Candia López, José Manuel Balseiro Orol, Sandra Vázquez Domínguez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia aposta pola mellora continua e polo impulso e construción de novas infraestruturas e servizos públicos en ámbitos tan esenciais coma o sanitario.

En particular, deseñou e está a desenvolver un plan que centra os seus esforzos na Atención Primaria, que permitirá poñer a disposición da cidadanía galega infraestruturas con alta capacidade de resolución no lugar máis próximo ao paciente. O obxectivo final é promover a construción de novos centros de saúde e mellorar e modernizar os xa existentes.

Este é o caso da actuación prevista no municipio lucense de Meira onde o Goberno galego reserva un investimento duns 300.000 euros para reformar e ampliar o centro de saúde e o Punto de Atención Continuada (PAC).

O proxecto supón non só reformar as actuais instalacións, que datan de 1985, senón tamén gañar máis de 400 metros cadrados de superficie, o que se espera que redunde nunha mellora da prestación do servizo dun centro que hoxe conta con dous médicos, dous enfermeiros e un administrativo, ademais da PAC.

As obras de reforma e ampliación do centro de saúde meirego forma parte dunha folla de ruta ata 2024 na que se recollen melloras en media ducia instalacións de toda a provincia, localizadas en Outeiro de Rei, Foz, Ribas de Sil e Lugo, ademais de en Meira.

Este plan, posto en marcha pola Consellería de Sanidade, contempla tamén a construción de seis novos centros de saúde na provincia, previstos nos municipios de Antas de Ulla, Pantón, Becerreá, Guntín, Lugo (Sagro Corazón) e Ribadeo.



Con este esforzo inversor o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo quere seguir facendo do Servizo Galego de Saúde un dos sistemas máis eficientes e de mellor calidade de España.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que previsións ten a Consellería de Sanidade en relación coa reforma e ampliación do centro de saúde de Meira?
- 2.- En que situación se atopan outros proxectos da provincia de Lugo incluídos no Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/02/2022 10:20:30

Ramón Carballo Páez na data 11/02/2022 10:20:50

Cristina Sanz Arias na data 11/02/2022 10:21:04

María Elena Candia López na data 11/02/2022 10:21:21

José Manuel Balseiro Orol na data 11/02/2022 10:21:39

Sandra Vázquez Domínguez na data 11/02/2022 10:22:02

Raquel Arias Rodríguez na data 11/02/2022 10:22:18

Daniel Vega Pérez na data 11/02/2022 10:22:38

María Corina Porro Martínez na data 11/02/2022 10:22:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/02/2022 10:23:09

José Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2022 10:23:26

Noelia Pérez López na data 11/02/2022 10:23:41

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/02/2022 10:24:03

López Sánchez, Rosalía na data 11/02/2022 10:24:18



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como 'Lei Ángeles Alvariño' e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Toca agora, máis de medio ano despois da súa aprobación, coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, rematado hai máis dun ano o II programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, nada se sabe da súa avaliación (e, por tanto, eficacia) nin da terceira edición deste programa necesario e que suporía unha acción máis que sumar ao novo texto legislativo para continuar avanzando na igualdade real no ámbito da ciencia. O único coñecido é que a Unidade Muller e Ciencia, responsable da súa posta en marcha, ten consignados este ano novamente un orzamento de 46.000 euros, unha cantidade nada significativa para o que debería ser un ambicioso programa de estímulo.



Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións concretas levou xa a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021 do 20 de xullo?

2ª) Considera que as obrigas do novo texto legislativo son ben coñecidas polas institucións e entidades do ámbito científico e universitario que as teñen que aplicar?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia presentar no Parlamento galego a avaliación do II programa Muller e Ciencia?

4ª) Cando ten previsto a Xunta de Galicia presentar a terceira edición do programa Muller e Ciencia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/02/2022 11:16:11

Noelia Otero Lago na data 11/02/2022 11:16:25

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 11:16:35

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 11:16:45



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Sergas prevé a construción no Concello de Teo dun gran centro de saúde na Ramallosa, unha acción coa que en principio desaparecerían os equipamentos de Cacheiras e Os Tilos, unha urbanización esta segunda na que viven 2.350 persoas e que dispón desa instalación sanitaria dende o ano 1994.

Diante do peche do seu centro de saúde, a veciñanza dos Tilos comezou unha protesta para mantelo aberto tendo conta que dá cobertura a moitas persoas usuarias que se deberían desprazar ao novo centro uns 8 quilómetros nun percorrido que conta cun transporte público deficitario.

Curiosamente a esta reivindicación parece sumarse -xunto con todos os grupos municipais- tamén o popular, tanto no Concello como no Parlamento, cando foi precisamente un alcalde popular quen en 2005 cedera os terreos municipais para a construción do centro na Ramallosa e foi tamén un goberno popular na Xunta quen elaborou o Plan de infraestruturas sanitarias.

Hai que lembrar ademais que foi o Grupo Parlamentario do Partido Popular o que votou en contra da iniciativa socialista que instaba a Xunta de Galicia a “modificar o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria de maneira que a construción do novo centro de saúde de A Ramallosa non supoña o peche do centro de Os Tilos”.

Non parecen moi lóxicos estes cambios de parecer de última hora cando o proxecto inicial, plasmado nun documento oficial, parecía estar claro para o Sergas: o novo centro emprazaríase na Ramallosa e este substituiría os centros de saúde dos Tilos e Cacheiras.

Semella que estamos diante dunha nova disputa electoral coa que a veciñanza de Teo vai continuar desprovista de instalacións sanitarias de calidade debido aos vaivéns duns gobernos que non parecen ter claras agora as súas prioridades.

Por iso, as deputadas e o deputado, que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Que foi en realidade o que fixo mudar de opinión o Sergas sobre o emprazamento do futuro centro de saúde de Teo tendo en conta que o Plan de infraestruturas o emprazaba na Ramallosa e que xa supoñía o peche das instalacións dos Tilos e de Cacheiras?

2ª) Cal cre o Sergas que sería o emprazamento máis axeitado?

3ª) Canto máis se vai demorar o novo centro de saúde de Teo, unha prioridade para a súa poboación?

4ª) Contempla o Sergas a posibilidade de manter aberto o centro de saúde dos Tilos, emprácese onde se emprace o novo?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/02/2022 11:12:46

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 11:13:00

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 11:13:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza dea a súa valoración sobre o proxecto Central Hidroeléctrica e Reversible Xistral no Valadouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña vén sufrindo unha grave crise industrial na última década co peche de diversas empresas emblemáticas e de referencia cunha perda de 1.000 postos de traballo directos acentuada agora co peche da fábrica de compoñentes eólicos da multinacional Vestas en Viveiro e coa paralización temporal da produción de aluminio na factoría de Alcoa en San Cibrao.

Deste xeito e ao mesmo tempo, a comarca está vendo como diversas empresas do sector eléctrico presentan varios proxectos para a explotación eólica e hidráulica, que case sempre se anuncian como grandes oportunidades con inversións millonarias e como grandes xeradores de emprego, cando desgraciadamente sabemos por experiencia que a realidade é moi distinta.

A respecto da enerxía hidráulica, desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico e desde a Secretaria de Estado de Medio Ambiente veñen de remitir aos concellos de O Valadouro, Alfoz, Ourense, Cervo e Xove o Anteprojecto de Central Hidroeléctrica e Reversible Xistral presentado pola empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Atalaya Generación - Desarrollos del Malache S.L.U.” co obxecto de consulta para o procedemento de avaliación de impacto ambiental.

A nivel social o anuncio da ubicación desta central hidroeléctrica crea o conseguinte malestar e preocupación entre a veciñanza, especialmente nos concellos de O Valadouro (o máis afectado) e Alfoz, pois a afección á actividade agrogandeira e ás parroquias da contorna é moi grande.

Por parte de Atalaya Generación dise que o impacto económico da central hidroeléctrica compensará con moito o ambiental e alega tamén que os municipios afectados percibirán ingresos millonarios en materia de impostos por acoller esta instalación, que na construción desta infraestrutura se crearán miles de empregos, ademais de que na fase de explotación manteranse uns 20 empregos con moitos mais indirectos. Alén de todo isto, anuncian unha inversión de preto de 1.000 millóns para esta infraestrutura que terá unha potencia de 936 MW.

Tendo isto en conta e sabendo da grande oposición veciñal, da terrible afección que esta central provocaría nas explotacións agrogandeiras e na ameaza de que a construción desta factoría conlevaría a marcha de moitos veciños a outros concellos, faise necesario que a Xunta de Galiza dea unha valoración como goberno deste país.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza deste proxecto?
- . Considera a Xunta de Galiza que esta central hidroeléctrica vai ser beneficiosa para a comarca da Mariña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza permitir que esta central acabe coa actividade agrogandeira da zona?

. Vai a Xunta de Galiza realizar algunha alegación a este proxecto?

. É consciente a Xunta de Galiza da grande oposición veciñal existente?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 11/02/2022 12:04:13

Xosé Luis Bará Torres na data 11/02/2022 12:04:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/02/2022 12:04:47



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Ribeira Sacra rexistrou o maior incendio no que vai de 2021 en Galicia, segundo informaba a propia Consellería do Medio Rural este lume forestal iniciábase o pasado 6 de setembro sobre as 21:42 horas na parroquia de Nogueira no municipio de Ribas de Sil dentro da Ribeira Sacra, un dos ecosistemas de maior valor etnográfico no conxunto da Comunidade Autónoma Galega. O lume na Ribeira Sacra prodúcese o mesmo día que os da parroquia de Manín no Concello de Lobios dentro do propio parque de Xurés e outro en Chandrexa de Queixa, concretamente na parroquia de Requeixo.

O lume avanzou sen control en Ribas de Sil e obrigaba a activar o nivel 2 pola proximidade aos núcleos de poboación como é o caso do núcleo de Rairos, o lume estendeuse ata os municipios de Quiroga e a Pobra de Brollón, sendo necesario cortar temporalmente as estradas LU-P_5301 e LU-P_933. A situación foi tan virulenta, que entre as accións que se barallaron estivo a evacuación dos veciños de Vilariño, entre outros núcleos de poboación.

Os efectos deste lume, consecuencia tamén dos focos secundarios que se foron producindo, foi de tal envergadura que o fume apreciábase na cidade de Lugo, a máis de 70 quilómetros de distancia do incendio.

O alcalde de Ribas de Sil, Miguel Sotuela, denunciaba que toda a comarca quedara sen servizo de telefonía e internet, causando problemas no propio centro de saúde, nas oficinas municipais e na actividade económica do municipio, perdendo a capacidade para poder chamar ao 112 se xurdía algunha emerxencia sanitaria. A esta grave situación houbo que engadir os danos no subministro de auga ao arder distintas canalizacións da traída aos núcleos de Rairos, A Cabarca, Vilariño e as Fontes.

O Conselleiro de Medio Rural declaraba que a orixe era claramente intencionado, unha denuncia na que coincidía o alcalde de Ribas de Sil polo



inicio de dous focos illados na mesma ladeira do concello, unha situación que non poñemos en dúbida, pero non pode ser a única argumentación que ofrezca a Consellería de Medio Rural ano tras ano sen facer un mínimo de autocrítica sobre a falla de medidas preventivas e de planificación, como pode comprobarse no Pladiga de 2021 que é un corta e pega de anos anteriores, con lixeiras modificacións.

Resaltando en primeiro lugar a nosa preocupación pola veciñanza afectada e polas brigadas das distintas administracións que se atopaban loitando contra os lumes en primeira liña que despois foron apoiados polos militares da UME, cunha excepcional profesionalidade e que poñen en risco as súas propias vidas para facer que o lume non chegase a ningunha vivenda, o Grupo Parlamentario Socialista non pode deixar de sinalar que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, que cada día ve como se desmantelan novos servizos públicos e privados. Dificilmente imos a loitar con eficacia contra os lumes, se cada día temos menos xente no rural, cunha poboación que cada día conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e maiores, se vemos como se desmantelan os servizos bancarios, o transporte público,..., como imos a loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso nestas comarcas do sur de Lugo e a provincia de Ourense, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman terras de labor, pastos, e prados, que protexen montes e casas, e sen que exista apenas silvicultura preventiva nas masas forestais.

Urxe que se replante o modelo de gastar case unha centena de millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica, de investigación e de vixilancia axeitados. O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o camiño da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80% a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que



ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sostibilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia).

Outra das cuestións que debe mudar é a xestión forestal da Xunta de Galicia, desenrolando unha xestión sostible do monte como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta a obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Hai que desenrolar sen máis demora os PORF de tódolos distritos e de xeito paralelo deberan de poñer en marcha, modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal, que sexan verdadeiros instrumentos no que se asentase o sector forestal, débese regular o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas, a unidade de xestión non pode ser a parcela concreta, ten que ser xestor e sendo así este terá que dedicar parcelas a produción e outras a conservación, seguindo o modelo da agricultura e a gandería para a PAC.

Nesta xestión forestal sostible debe fomentarse o equilibrio territorial, rompendo as actuais tres galicias forestais, a do monocultivo ao servizo dun oligopolio industrial, a do abandono na montaña oriental e a da conflitividade e inseguridade da gran diagonal central de Galicia, establecendo plantacións de especies por todo o territorio galego, rompendo o monocultivo de certas especies nalgúns distritos e a imposibilidade de plantar estas mesmas especies noutros.

Neste tipo de incendios convectivos como o sucedido na Ribeira Sacra, que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, a chamada regra climatolóxica do 30/30/30, debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

Debemos modificar o actual sistema de prevención, analizando as zonas abandonadas principalmente en Lugo e Ourense, elaborando o correspondente mapa de riscos segundo fixa a lei de incendios, algo que vimos reclamando por parte deste grupo dende hai tempo e que tería que figurar no Pladiga cunha serie de medidas efectivas para fomentar o bosque autóctono. Proba da eficacia do



que estamos a dicir foi o que pasou na aldea de As Laceiras na Pobra de Brollón onde o traballo dun particular durante anos foi capaz de mitigar nesa zona os efectos do lume, posto que as repoboacións de piñeiro arderon e a franxa que fixo este propietario ao redor do seu pobo logrou que alí non ardese nada como pode comprobarse na noticia emitida no telexornal da TVE.

Con este tipo de incendios tan virulentos e tan extensos como o acontecido en Ribas de Sil, o Goberno galego debera desenrolar un estudo profundo coa elaboración entre outros dun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia dos lumes e sendo precisos nas zonas onde aplicar medidas preventivas que non so teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno Galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais. Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cun traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras. Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia, maior falla de profesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa, non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo de cada ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras “accións sociolóxicas e de educación ambiental”, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas “Aulas Forestais” están pechadas. Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar e tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar



comportamentos "non se valora o que non se coñece", se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Aínda que escoitamos aos representantes da Xunta de Galicia falar continuamente de pirómanos e lumes intencionados, resulta incompreensible que rara vez sexan descubertos as persoas responsables de ditos delitos, para isto débense investigar as causas, pautas de comportamento dos incendiarios, fallos e incumprimentos na lexislación,..., e para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesionalizada, específica e axeitada.

A Consellería do Medio rural destinou uns 2,26 millóns para a contratación de servizos de retén de maquinaria pesada para a extinción de incendios forestais nos distritos forestais de Galicia durante os anos 2021 e 2022. Deles xa gastou a metade, máis de 1,1 millóns en 18 contratos con distintas empresas do sector, pero, a maioría destes contratos finalizou, xa que comezaron a finais de abril, e o prazo do execución dos traballos era de 3 meses e dez días. Na actualidade só hai catro contratos que están activos nun momento de máxima actividade incendiaria e con alertas de secas nalgúns zonas de Galicia, principalmente, nas zonas do interior do país.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as accións que vai a levar a cabo a Consellería de Medio Rural para a posta en actividade da superficie agraria e forestal no sur de Lugo?
2. Por que non desenrola a Consellería de Medio Rural unha xestión forestal sostible por xestor forestal e equilibrada no territorio?
3. Ten previsto a Consellería de Medio Rural unha mellora na profesionalización e contra a temporalidade de tódalas brigadas contra incendios?
4. Por que non se desenrolan máis accións sociolóxicas e de educación ambiental?
5. Por que están pechadas a maioría das aulas forestais?
6. Por que só están activos 4 de 18 contratos de servizos de retén de maquinaria pesada para a extinción de incendios forestais nestas datas?
7. Cal é o estado actual de execución, en materia de prevención de incendios forestais, correspondente o ano 2021?



8. Cal é a inversión actual en materia de contratación de medios de extinción de incendios forestais, correspondente o ano 2021?
9. Por que a Consellería de Medio Rural non elaborou o mapa de riscos asociados os incendios forestais do ano 2020?
10. Entende a Consellería de Medio Rural que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de 6ª xeración?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 11:27:11

Martín Seco García na data 11/02/2022 11:27:19

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 11:27:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/02/2022 11:27:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/02/2022 11:27:49

Patricia Otero Rodríguez na data 11/02/2022 11:28:01



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servizos públicos e privados.

A poboación do rural cada vez conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para infancia e para as nosas persoas maiores, vemos como se desmantelan servizos bancarios, ou transportes públicos etc. Ademais non esquezamos un feito fundamental, o problema ven porque os pobos masculinizáanse, envellecen e ao final desaparecen.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

A presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) afirmaba que case a metade das persoas traballadoras do campo en Galicia en 2011 eran mulleres: 43 % fronte ao 57 % de homes. Agora son só un pouco máis dun terzo (35 %).

Sinalaban que dende o inicio da anterior crise en 2008 produciuse un paulatino descenso do número de mulleres que traballan na agricultura galega.

No ano 2020 dos 4.000 novos empregos que se crearon no sector primario, os 4.000 foron homes. É máis, os homes varóns sumaron 4.300, mentres que as mulleres baixaron en 300. E no primeiro semestre deste ano a situación non vai mellor.

Unha das causas que explican esta situación, é que as mulleres no campo, e na pandemia isto se agravou, téñense que ocupar de todos os aspectos relacionados cos coidados de familiares, tanto dos seus fillos e fillas coma das súas persoas maiores, ou de ambos.



As afectadas explican que teñen que optar entre renunciar as súas perspectivas persoais e laborais para ocuparse da súa familia ou optar por trasladarse a un lugar onde a situación sexa distinta, con servicios públicos que cubran as necesidades de conciliación.

A Asociación Fademur explica que a brecha de xénero no sector primario está crescendo. Con anterioridade a poboación rural estaba equilibrada na agricultura e nos últimos anos hai unha diferenza que se está agravando cada ano. E explican que a brecha de xénero entre homes e mulleres está crescendo. Anteriormente Galicia tiña unha poboación moi equilibrada ente mulleres e homes na agricultura, algo chamativo a nivel nacional e nos últimos anos hai unha diferenza que se está a agravar.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

O emprego na agricultura galega foi un dos poucos que se salvou o ano 2020, en tempos de pandemia. O ano 2020 rompía con tres exercicios de caídas no número de persoas ocupadas e ganaba 4.000 máis, 11 cada día. Pola contra os últimos datos, da Enquisa de Poboación Activa, correspondentes ao segundo trimestre deste ano, volvendo a senda negativa dos últimos exercicios.

Ata o mes de xuño, había 66.200 homes e mulleres traballando na agricultura galega. Eran 4.500 menos que en decembro. Só nos tres primeiros meses deste ano, o sector destruíu máis empregos que todos os que creara ao longo do ano 2020. As 66.200 persoas que traballan no campo en xuño eran un 15 % menos que fai só tres anos e a cifra supón caer a niveles do ano 2015.

As grandes damnificadas desta baixada son as mulleres. Dende o ano 2017, hai un 21 % menos de persoas traballadoras na agricultura galega, sendo o peor dato a nivel nacional só superado por Aragón, mentres que o descenso no apartado masculino foi a metade, un 11 %.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis emprego destruíu na agricultura, o primeiro semestre do ano 2021?



2. Pensa o Goberno galego tomar medidas ao respecto?
3. En caso afirmativo, cales serán, e cando serán implantadas?
4. Realizou a Xunta de Galicia un estudo sobre a situación de masculinización dos pobos galegos?
5. Cales son as causas que están a provocar esta situación?
6. Emprnderon medidas concretas ao respecto ou realizaron un plan de actuación?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 11:42:14

Noa Susana Díaz Varela na data 11/02/2022 11:42:24

Martín Seco García na data 11/02/2022 11:42:34

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 11:42:46

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 11:42:53



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servizos públicos e privados.

A poboación do rural cada vez conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para infancia e para as nosas persoas maiores, vemos como se desmantelan servizos bancarios, ou transportes públicos etc. Ademais non esquezamos un feito fundamental, o problema ven porque os pobos masculinizanse, envellecen e ao final desaparecen.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

A presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) afirmaba que case a metade das persoas traballadoras do campo en Galicia en 2011 eran mulleres: 43 % fronte ao 57 % de homes. Agora son só un pouco máis dun terzo (35 %).

Sinalaban que dende o inicio da anterior crise en 2008 produciuse un paulatino descenso do número de mulleres que traballan na agricultura galega.

No ano 2020 dos 4.000 novos empregos que se crearon no sector primario, os 4.000 foron homes. É máis, os homes varóns sumaron 4.300, mentres que as mulleres baixaron en 300. E no primeiro semestre deste ano a situación non vai mellor.

Unha das causas que explican esta situación, é que as mulleres no campo, e na pandemia isto se agravou, téñense que ocupar de todos os aspectos relacionados cos coidados de familiares, tanto dos seus fillos e fillas coma das súas persoas maiores, ou de ambos.



As afectadas explican que teñen que optar entre renunciar as súas perspectivas persoais e laborais para ocuparse da súa familia ou optar por trasladarse a un lugar onde a situación sexa distinta, con servicios públicos que cubran as necesidades de conciliación.

A Asociación Fademur explica que a brecha de xénero no sector primario está crescendo. Con anterioridade a poboación rural estaba equilibrada na agricultura e nos últimos anos hai unha diferenza que se está agravando cada ano. E explican que a brecha de xénero entre homes e mulleres está crescendo. Anteriormente Galicia tiña unha poboación moi equilibrada ente mulleres e homes na agricultura, algo chamativo a nivel nacional e nos últimos anos hai unha diferenza que se está a agravar.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

O emprego na agricultura galega foi un dos poucos que se salvou o ano 2020, en tempos de pandemia. O ano 2020 rompía con tres exercicios de caídas no número de persoas ocupadas e ganaba 4.000 máis, 11 cada día. Pola contra os últimos datos, da Enquisa de Poboación Activa, correspondentes ao segundo trimestre deste ano, volvendo a senda negativa dos últimos exercicios.

Ata o mes de xuño, había 66.200 homes e mulleres traballando na agricultura galega. Eran 4.500 menos que en decembro. Só nos tres primeiros meses deste ano, o sector destruíu máis empregos que todos os que creara ao longo do ano 2020. As 66.200 persoas que traballan no campo en xuño eran un 15 % menos que fai só tres anos e a cifra supón caer a niveles do ano 2015.

As grandes damnificadas desta baixada son as mulleres. Dende o ano 2017, hai un 21 % menos de persoas traballadoras na agricultura galega, sendo o peor dato a nivel nacional só superado por Aragón, mentres que o descenso no apartado masculino foi a metade, un 11 %.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis emprego destruíu na agricultura, o primeiro semestre do ano 2021?



2. Pensa o Goberno galego tomar medidas ao respecto?
3. En caso afirmativo, cales serán, e cando serán implantadas?
4. Realizou a Xunta de Galicia un estudo sobre a situación de masculinización dos pobos galegos?
5. Cales son as causas que están a provocar esta situación?
6. Emprnderon medidas concretas ao respecto ou realizaron un plan de actuación?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 11:45:14

Noa Susana Díaz Varela na data 11/02/2022 11:45:24

Martín Seco García na data 11/02/2022 11:45:36

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 11:45:48

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 11:45:56



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de 26 de febreiro de 2021 establecía as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos *bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocaban para o ano 2020.*

O marco xurídico aplicable a esta orde e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas a prevención de incendios forestais, a protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e a Orde de 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Estas subvencións establécense en réxime de concorrencia competitiva e con dúas liñas de subvencións:

- a) Liña I: subvencións para a realización de tratamentos silvícolas preventivos de incendios forestais (clareos, desbroces e podas).
- b) Liña II: subvencións para tratamentos silvícolas vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques

O prazo de solicitude e a tenor do exposto no artigo 12 de 30 días seguintes o da publicación da orde . E os traballos estarán condicionados a aprobación da axuda, establecendo un prazo máximo **de cinco meses**, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para resolver e notificar ás persoas interesadas a presentación das solicitudes. E a pesares do disposto temos coñecemento que solicitantes das subvencións aínda non recibiron contestación ao respecto co cal non puideron comezar as obras preventivas.



O mesmo acontece coa Orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de data 16 de febreiro de 2021, para a concesión de subvencións a MVMC e as Sofor tanto para o control de combustible coma a construción de puntos de auga, cando o relevante e obxecto da orde é que se realicen previamente a época de alto risco de incendios.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración realiza o Goberno galego respecto a que os labores de prevención de incendios forestais, en Montes Veciñais en Man Común, non se poidan realizar por falla de autorización da Consellería do Medio Rural?
2. Cantas solicitudes de subvencións da Consellería do Medio Rural, para Montes Veciñais en Man Común, foron tramitadas no ano 2020 para a prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes, así coma para accións silvícolas de prevención?
3. Cantas foron aprobadas con distribución por distrito forestal ou comarca?
4. Cal é a relación de subvencións que foron abonadas a data de hoxe?
5. Cal é a relación das subvencións que non foron abonadas? Cal é a causa do atraso?
6. Cantas solicitudes da Consellería do Medio Rural, para Montes Veciñais en Man Común, foron tramitadas no ano 2021 para a prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes, así coma para accións silvícolas de prevención?
7. A data de hoxe, cantas foron aprobadas?
8. Cal é a relación dos MVMC que puideron comezar os traballos preventivos este ano 2021 e data de resolución?
9. Cal é a relación dos MVMC que non puideron realizar os traballos preventivos e causa pola que non recibiron contestación por parte da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 11:56:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 12:13:38
Nº Rexistro: 30420
Data envío: 11/02/2022 12:13:38.090

Martín Seco García na data 11/02/2022 11:56:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-RQoLXC9OV-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Real decreto 818/2021, determina de modo integral e sistematizado os programas comúns de activación para o emprego, establecendo os contidos esenciais que deben formar parte dos mesmos, regulando a materia para o conxunto do Sistema Nacional de Emprego.

Unha das claves que pretende consolidar o real decreto é o reforzamento da orientación individualizada por medio de persoal orientador cualificado. Para facer efectivo, o anterior, é fundamental a configuración dun sistema de orientación profesional, tal e como propugna tamén o Texto refundido da Lei de emprego.

Aos efectos anteriores o real decreto prevé a existencia dun maior volume de profesionais da orientación, promovendo medidas específicas para a súa formación permanente, o sindicato UGT alerta de que a Consellería de Emprego fai oídos xordos a previsión da norma estatal.

As chamadas “políticas activas de emprego”, que como é sabido poden adoptar a forma de servizos ou de programas, en Galicia artéllanse, entre outras, a través da rede de Oficinas de Emprego, da que forman parte un total de 469 efectivos de todas as categorías profesionais, 382 funcionarios/as e 87 laborais.

O real decreto determina que para a realización do programa de colaboración para as actividades de prospección empresarial e intermediación laboral, os servizos públicos de emprego competentes poderán desenvolver as accións de prospección empresarial e intermediación laboral mediante xestión directa cos seus medios propios, para o cal contarán co reforzo da rede de 3.000 persoas técnicas responsables da orientación e a prospección no ámbito do Sistema Nacional de Emprego, creada co Plan de choque polo emprego xuvenil 2019-2021, así como con calquera outro reforzo que puidera establecerse no citado ámbito.

Tendo en conta todo o anterior a UGT vén de pedir a secretaria xeral técnica da Consellería de Emprego información da previsión da planificación aos efectos da



posta en marcha dos contidos regulado no Real decreto 818/2021, por considerar imprescindible saber como se tiña pensado regular as accións encomendadas, en tanto que sendo coñecedores da Instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación nº 13/2021 de data 30/09/2021.

A indicada instrución determina a través do protocolo de actuación para a realización de funcións de orientación laboral, que os efectos desta instrución terá a condición de persoal que realiza tarefas de orientación en oficinas de emprego, aquel persoal técnico do SPEG que se designe por parte da Dirección da Oficina de Emprego para levar a cabo as funcións de orientación.

Pode ser persoal que xa estivera realizando estas funcións como parte do desenvolvemento de tarefas do seu posto de traballo ou pode ser persoal que non realizara con anterioridade esas accións de orientación laboral.

O anterior, a criterio de UGT e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia é gravísimo, e semella que existe un amplo descoñecemento do que significan as competencias a desenvolver polos efectivos que deberán ter ditas funcións asociadas aos seus postos de xeito estrutural.

A Lei de emprego público de Galicia incluíu, a petición de UGT, as escalas superior e técnica de orientación laboral, considerando entón que a Consellería debería promover a súa implementación nas diferentes oficinas de Emprego, en tanto que as prazas denominadas Coordinación de Orientación, non están dotadas con efectivos pertencentes ás referidas escalas. Engádesse, en dita instrución, por toda indicación de procedemento ás persoas que deban proceder á realización de tarefas de orientación, a referencia de uso duns manuais.

A este respecto UGT considera evidente unha falta de coñecemento absoluto dos contidos e tarefas propias que debe desenvolver o persoal que nutra as escalas de orientación. Orientar non é informar nin cubrir un formulario tipo, orientar consiste no acompañamento activo ás persoas obxecto das políticas activas de emprego, outra cousa é desvirtuar a profesionalidade de compañeiros e compañeiras que realizan as ditas funcións.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que decisión tomou o Goberno galego en relación coa problemática que se vai xerar en relación as e os orientadores laborais contratados ata novembro



- de 2021 e que prestan servizos no Servizo Público de Emprego de Galicia?
2. Pensa o Goberno galego proceder a creación de prazas estruturais de orientación laboral?
 3. Cales van a ser os criterios empregados polas direccións das oficinas de emprego para a determinación e selección do persoal que se encargará das funcións asignadas ata este momento o persoal orientador con contratos vixentes ata novembro?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 11:59:54

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 12:00:03

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 12:00:10



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A superficie forestal galega ocupa o 70 % do territorio da nosa Comunidade Autónoma, e un 30 % desta encóntrase desaproveitada, por elo o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario mellorar o aproveitamento forestal en Galicia, impulsando medidas que perfeccionen a xestión do monte, aumentando a competitividade global das explotacións forestais, e logrando unha produción de madeira de calidade, así coma con medidas que apoiem a industria de transformación da madeira que teñan un impacto na creación de emprego de calidade.

Unha das medidas a adoptar para o sector agroforestal é o establecemento dun rexistro de taxadores-cubicadores, para proporcionar unha maior transparencia ao mercado da madeira.

Nesta mesma liña argumental elaboráronse as conclusións dunhas xornadas celebradas no Centro de Formación e Experimentación (CFEA) de Becerreá no ano 2010.

Outra das conclusións elaboradas fora a de incrementar a superficie certificada, co fin de que a produción chegue a tódolos mercados e facilitar a certificación da cadea de custodia.

No sector considérase necesario tamén motivar ás persoas propietarias e crear o marco legal, técnico e socioeconómico adecuado para posibilitar a profesionalización da xestión do monte, e as melloras das prácticas de selvicultura permitiría alcanzar mellores prezos de mercado, ata o punto de que se podería triplicar o valor.

A creación dun rexistro de taxadores-cubicadores da madeira incrementaría a necesaria transparencia na comercialización, e temos de exemplo o establecemento desta figura no Decreto Foral de Montes de Guipúzcoa, número 3/96 de 23 de xaneiro, sobre cubicación de aproveitamentos forestais no Decreto Foral 1/1996, de 9 de xaneiro, sobre cubicación de aproveitamentos forestais de



Guipúzcoa, na que se establece que a solicitude de autorización de aproveitamentos forestais para corta final en montes públicos non catalogados e de particulares irá acompañada dun informe-cubicación acreditativo do volume do aproveitamento solicitado, subscrito por un taxador-cubicador independente oficialmente recoñecido polo correspondente departamento de Agricultura e Medio Ambiente.

O rexistro está xestionado polo servizo forestal da Dirección de Montes e Conservación da Natureza (Departamento de Agricultura e Medio Ambiente), nel se integran persoas físicas ou xurídicas que acreditan posuír coñecementos técnicos e prácticos na materia mediante titulación ou certificación de estudos na materia a través de probas de aptitude e cursos de formación periódicos organizados pola Deputación foral xunto coas asociacións intersectoriais da madeira e realizan informes de cubicación que acrediten de forma oficial o volume real do aproveitamento dos terreos.

Galicia debe seguir o modelo desenrolado en Bizkaia e Guipúzcoa, co obxectivo de dar transparencia ás persoas propietarias forestais na venda da madeira aos intermediarios ou empresas transformadoras.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego a creación dun rexistro oficial de taxadores cubicadores de madeira que garanta a transparencia no mercado?
2. Que horizonte temporal se marca para a súa posta en marcha?
3. Cantos postos de traballo, a xornada completa, ligados ao sector forestal había en Galicia no ano 2008 e cantos hai segundo os últimos datos oficiais publicados do presente ano?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 12:14:47
Nº Rexistro: 30425
Data envío: 11/02/2022 12:14:47.324

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 12:02:04

Martín Seco García na data 11/02/2022 12:02:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-RQoLXC90V-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os datos a setembro de sinistros laborais de 2021 mostran 18.558 accidentes de traballo en xornada con baixa e 35 mortais, sen computar os accidentes *in itinere* segundo a estatística publicada polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Se nos centramos en datos semestrais a sinistralidade laboral, no primeiro semestre do ano, a pesar da baixada da actividade laboral, por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue a presionar ó mercado laboral galego. Un total de 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo e no peor dos casos, porque faleceron no seu posto de traballo, 59 falecidos nesta Comunidade no 2020 e xa 18 mortos nos seis primeiros meses de 2021.

Os datos a setembro de 2021 mostran 18.558 accidentes de traballo con baixa e 35 mortais.

Son as condicións de traballo que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego marcado pola precariedade segundo indica o sindicato UGT.

Produciuse unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva.

Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subrexistro das enfermidades profesionais

Nos seis primeiros meses de 2021 en Galicia xa se rexistraron 11.211 accidentes laborais con baixa (10.319 en xornada e 892 “*in itinere*”). Destes, 10.991 tiveron un carácter leve (10.118 en xornada e 873 “*in itinere*”), 202 graves (185 en xornada e 17 “*in itinere*”) e 18 persoas faleceron (16 en xornada e 2 “*in itinere*”).



Analizando os datos , a realidade é que servizos se leva a peor parte, o 48,38 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio (con 1.389 sinistros), seguido de actividades administrativas e auxiliares (904), transporte (799), sanidade e servizos sociais (604), hostalería (411), administracións públicas e defensa (401), educación (112), outros servizos (100), actividades científicas e técnicas (97), actividades artísticas, recreativas e entretemento (91), información e comunicación (39), servizos no fogar (33), actividades inmobiliarias (7) e actividades financeiras e seguros (6).

Detrás disto, deste sector, está a alta temporalidade que rexistra na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixíen a saúde da súa forza de traballo.

No caso da industria o número total de sinistros rexistrados foron 2.636; 1.643 na construción; 890 na agricultura, pesca, silvicultura e gandería; e 157 noutras empresas de subministros como enerxéticos ou auga e saneamentos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron ó fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os máis prexudicados pola sinistralidade laboral, xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

En canto ós índices de incidencia, é dicir, a relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021 este foi de 0,271 puntos, por enriba da media estatal, do 0,251.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o sector servizos sexa o que máis accidentes rexistra?
2. Ante esta situación tomará o Goberno galego algunha medida sobre a alta taxa de temporalidade que rexistra o sector servizos?
3. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2022 12:09:13

Julio Torrado Quintela na data 11/02/2022 12:09:22

Marina Ortega Otero na data 11/02/2022 12:09:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as necesidades de resolver os problemas de asolagamentos do casco urbano de Sada (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Río Maior, na súa desembocadura no casco urbano de Sada (A Coruña), foi tapado na segunda metade do século pasado e ciclicamente veñen producíndose asolagamentos na zona, en parte provocados por unha obra realizada nos anos 80 cando as prioridades viñan marcadas polo desenvolvemento urbanístico.

No mes de marzo do ano 2016 produciuse un grave asolagamento nunha parte do casco urbano de Sada que provocou danos importantes en locais comerciais, vivendas e enseres.

O 3 de maio dese mesmo ano o BNG rexistrou iniciativas parlamentarias solicitando á Xunta medidas e accións necesarias para evitar que se repetise un prexuízo semellante á veciñanza desta parte de Sada.

O 29 de marzo de 2017 o pleno municipal de Sada aprobou por unanimidade solicitar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta que recollese as obras necesarias para evitar eses asolagamentos no futuro.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de febreiro do ano 2020 a Xunta remitiu ao Concello e á Deputación da Coruña un modelo de convenio par acometer esas obras, no que non se fixaban prazos de execución pero si unha cantidade de 1,5 millóns de euros a repartir entre cada administración (500.000 euros cada unha).

Desde aquela non houbo avances significativos, máis aló dalgúns escritos ou informes que non permiten visibilizar unha solución para este problema que segue latente.

É grave que seis anos despois daquela riada de enorme magnitude non se dese ningunha solución a este problema, tendo en conta que a zona das Brañas e a desembocadura do Río Maior, tanto na avaliación preliminar de risco de inundacións do primeiro ciclo de planificación 2015-2021, coma no actual 2021-2027, está considerada como inundable (ARPSI ES014-CO-12021) e a súa delimitación figura no MAPRI de Augas de Galicia.

Se está recoñecida como zona inundable, cómpre actuar con premura para procurar evitar que iso siga acontecendo, sobre todo cando se sabe que está motivado en boa medida por unha canalización soterrada na desembocadura do Río Maior.

Tendo en conta estas circunstancias e tamén a Directiva Marco da Auga 2000/60/CE de 23 de outubro do 2000, as obras a acometer deberían ser estruturais devolvendo ao leito a capacidade de desaugue, que só se pode garantir descubrinto o río nese tramo final.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É consciente o goberno galego da incerteza que xera no concello da Sada a parálise da acción da Xunta para evitar a repetición dos asolagamentos producidos en 2016?

. Que razóns explican esta falta de acción resolutiva?

. Esta área está considerada como inundable e a súa delimitación figura no MAPRI de Augas de Galicia. Non entende a Xunta que require dunha atención e actuación inmediata?

. En que situación está o convenio para acometer esas obras remitido pola Xunta en 2020 ao Concello de Sada e á Deputación da Coruña?

. Dispón a Xunta dun proxecto e prazo de execución?

. De ser así, contempla un proxecto estrutural que descubra o río nesa zona e non unha remodelación da actual canalización soterrada, que non garantiría o caudal necesario de evacuación de auga?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/02/2022 09:39:12

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 09:39:15

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 09:39:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aplica criterios arbitrarios, discriminatorios e partidistas na sinatura de convenios coas entidades locais. É o caso dos convenios asinados pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cos concellos para a realización de obras en materia de urbanismo, que sistematicamente benefician na súa inmensa maioría a concellos gobernados polo PP.

Outro exemplo deste reparto partidista de fondos públicos é o da construción de auditorios municipais. No caso do concello de Ribeira, o novo auditorio municipal foi obxecto da sinatura de varios convenios entre a Xunta (Consellarías de Medio Ambiente e de Cultura) e o concello de Ribeira, por valor de máis de 1 millón de euros para a redacción do proxecto e a construción do equipamento.

Outro tanto ocorre no caso do concello de Marín, co que a Consellaría de Medio Ambiente asinou un convenio en 2021 para financiar con 2 millóns de euros a construción dun auditorio que ten un orzamento estimado de 4,3 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Chama a atención que a Xunta asine estes convenios con concellos gobernados polo PP e denegue axudas a outros concellos que solicitaron apoio económico do goberno galego para financiar proxectos do mesmo tipo.

O mesmo ocorre no caso da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, que leva a cabo unha política absolutamente partidista na sinatura de convenios de colaboración para a urbanización de vías urbanas en estradas da súa competencia.

Este “modus operandi” podémolo observar na sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Marín ou Sanxenxo para a urbanización de travesías urbanas nas estradas PO 546 e PO 308 (no caso de Sanxenxo 2 urbanización de rúas en Sanxenxo e Portonovo) mentres se negan convenios semellantes a concellos veciños.

Poderíamos poñer moitos máis exemplos destas prácticas partidistas no reparto de fondos públicos, que castigan ou benefician ás persoas residentes nun concello ou outro en función da afinidade política dos gobernos.

Desde o BNG consideramos necesario desterrar estas prácticas da administración autonómica, de maneira que a inmensa maioría das transferencias da Xunta aos concellos se canalicen a través do Fondo de Cooperación Local ampliado (Plan Concellos), e que os recursos que non se distribúan por medio do Fondo de Cooperación Local se canalicen por medio de convocatorias públicas de subvencións en concorrencia competitiva.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta garantir a igualdade de trato a todos os concellos e suprimir as prácticas clientelares e partidistas na distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios?

. Por que razón a Xunta asina convenios con determinados concellos para a reforma de vías urbanas, actuacións no espazo urbano ou construción de equipamentos culturais e denega este tipo de convenios a outros concellos?

. Vai a Xunta poñer en marcha un Plan Concellos mediante a integración de todos os fondos que se transfiren a concellos, de maneira que se garanta un trato igualitario e obxectivo para todos eles?

. Vai o goberno galego garantir que, no caso de que se transfiran recursos mediante convocatorias públicas de subvencións para programas ou liñas de actuación concretas, se faga polo procedemento de concorrencia competitiva?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 10:35:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/02/2022 10:35:55

Iria Carreira Pazos na data 14/02/2022 10:36:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 21 de outubro de 2021 tivo coñecemento do “Informe sobre a Estratexia Galega de Biorresiduos e residuos municipais 2022-2023”. A Estratexia parece ser unha reconversión da “Rede galega de infraestruturas para a valorización da materia orgánica”, que inclúe a construción de 3 plantas de compostaxe e 13 plantas de transferencia. No caso das plantas de transferencia, 6 serán de nova construción e en 7 adaptaranse mediante unha tolva para trasvasar a materia orgánica.

Segundo os datos que se coñecen, estas infraestruturas terán un custo de 38,6 millóns de euros, dos cales o FEDER achegaría 30 millóns.

Cabe sinalar que non se coñece ningún documento coa análise de alternativas para a xestión dos biorresiduos, nin de xustificación da alternativa técnica escollida, nin de xustificación das plantas de compostaxe e do seu emprazamento, nin de análise e xustificación do sistema de plantas de transferencia como opción acaída para a xestión dos biorresiduos. E tendo en conta o número e características das infraestruturas que se van levar a cabo, non se levou a cabo unha avaliación ambiental de conxunto, nin se someteu ao trámite de información e participación pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos diante dun programa de actuación para toda Galiza, que na práctica supón unha modificación do Plan de Xestión de Residuos Urbanos, en vigor até 2022. Polo tanto, o Plan ou Estratexia de Biorresiduos debería tramitarse como tal modificación ou adaptación do PXRUG, e someterse ao conseguente trámite de información e participación pública.

Por outra parte, debería incluír unha análise polo miúdo das alternativas para a xestión dos biorresiduos, primando o tratamento in situ (compostaxe doméstica e comunitaria), a autoxestión de proximidade por parte de grandes produtores (sector servizos, sector público), sistemas de cocompostaxe e agrocompostaxe, de modo que se se limitase a recollida e transporte a planta a aquelas zonas nas que non se poida facer tratamento de proximidade.

Ademais, a proposta de plan ou estratexia de biorresiduos debería ter en conta experiencias xa existentes no noso país como o programa Revitaliza da Deputación de Pontevedra ou o sistema da Mancomunidade da Serra do Barbanza (Lousame).

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Ten previsto o goberno galego cumprir a lei no referente ao desenvolvemento da planificación e construción de infraestruturas de xestión dos biorresiduos?

. Considera a Xunta que un plan destas características, con 3 plantas de compostaxe e 13 plantas de transferencia, debe someterse a información pública e ao trámite de avaliación ambiental?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que estudos e informes levou a cabo o goberno galego para decidir este plan de actuación e en que órganos foi aprobado?

. Vai a Xunta abrir un proceso de diálogo e participación arredor das alternativas para a xestión dos biorresiduos e os sistemas máis acaídos para o noso país?

. Por que motivo se incumpriu o previsto no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?

. Que previsión ten o goberno galego a respecto da apertura do proceso de avaliación do vixente Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, así como do proceso de elaboración no novo Plan, incluíndo neste a análise das diferentes alternativas para a xestión dos biorresiduos?

. Vai o goberno galego enviar ao parlamento a documentación da Estratexia galega de biorresiduos?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 11:43:17

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 11:43:21



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente fíxose pública a “Memoria de Generación y Gestión de Residuos de Competencia Municipal” correspondente ao ano 2019, que inclúe a información subministrada polas Comunidades Autónomas sobre as cantidades de residuos recollidos e tratados procedentes dos fogares e do sector servizos, cuxa xestión é asumida polas entidades locais.

No que respecta a Galiza, a memoria recolle uns datos dun total de 1.185.822 toneladas de residuos recollidos, dos que 571.196 toneladas foron a incineración e 320.517 toneladas a vertedoiro. Segundo os datos de 2019, Galiza ocupa o terceiro posto pola cola en canto a resultados, unicamente por detrás de Asturias e Melilla. En canto a cifras de recuperación e reciclaxe de residuos, o noso país está por debaixo do 20%, moi lonxe do obxectivo do 50% marcados pola lexislación para 2020.

Por outra parte, os datos de SOGAMA correspondentes ao ano 2020 reflicten os seguintes resultados

- Reciclaxe: 162.210 t (17,58%)
- Incineración: 525.160 t (58,91%)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vertedoiro (rexeitamentos do CMC): 228.143 t (24,73%)

-Vertedoiro (residuos directos): 5.463 t (0,59%)

-Compostaxe: 1.741 t (0,19%)

Dos anteriores datos reflíctese que os procedementos finalistas (contrarios á economía circular) alcanzan o 85% dos residuos, unhas 760.000 toneladas

Na información pública de SOGAMA presúmese de que o complexo de Cerceda ten capacidade para tratar todos os residuos xerados en Galiza, o que contradi as normas e obxectivos europeos sobre economía circular, xerarquía de residuos, recollida separada de residuos e aplicación dos principios de autosuficiencia e proximidade.

A situación descrita sitúa a Galiza á cola do Estado na xestión dos residuos, o que obriga a levar a cabo un cambio de 180 graos para cumprir a normativa vixente e cumprir os obxectivos marcados para 2025.

Coa entrada en vigor da normativa derivada da Directiva Marco de Residuos, da Directiva de Envases e Programa para a Economía Circular, vaise producir un importante cambio na xestión dos residuos, o que obriga a poñer en marcha actuacións no ámbito normativo, técnico, económico-fiscal, ambiental e formativo.

Esta revolución normativa que está en marcha abre moitas posibilidades en materia laboral, polo grande potencial da economía circular dos residuos (prevención, reutilización, reciclaxe) e os tratamentos de proximidade para a creación de emprego.

Estamos diante dunha grande oportunidade desde o punto de vista social, ambiental e económico, polo que é imprescindible superar un sistema desfasado e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caduco, e avanzar nun novo modelo moderno, avanzado, baseado nos principios da bioeconomía e a economía circular.

Este cambio de ciclo debe ser resultado dun proceso de diálogo e negociación no que participen todos os axentes sociais, e nomeadamente do acordo entre a Xunta e as entidades locais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta dos malos resultados obtidos pola nosa comunidade na Memoria de Xeración e Xestión de Residuos Municipais de 2019 e nos datos de SOGAMA do 2020?

. Considera o goberno galego que é necesario un drástico cambio de rumbo na política de residuos, para lograr cumprir os obxectivos fixados na nova lexislación?

. Vai fomentar a Xunta o tratamento de proximidade da materia orgánica, mediante o uso maioritario da compostaxe caseira e comunitaria e o tratamento en plantas dos biorresiduos que non sexa posíbel tratar in situ?

. Cales son os datos de biorresiduos tratados na planta de Areosa en 2020 e 2021, as cantidades anuais enviadas por cada un dos concellos e a cantidade e clase de compost producida en cada unha desas anualidades?

. Ten previsto o goberno galego colaborar coas entidades locais no desenvolvemento de ordenanzas de residuos, na implantación de medios de inspección,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e na formación do persoal técnico necesario para o fomento da boa xestión dos residuos?

. Que valoración fai a Xunta sobre sistemas de xestión dos biorresiduos como os implantados polo concello de Allariz (Allariz RE) e pola Deputación de Pontevedra (Revitaliza)?

. Considera necesario o goberno galego desenvolver un plan para a creación de 3.000 novos empregos vencellados á economía circular dos residuos?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 11:56:55

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 11:56:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de febreiro tivo lugar en Compostela a xornada organizada polo Observatorio de Servicios Urbanos (OSUR) sobre “a rotura do mercado nos servicios públicos”.

Nos informes presentados nesta xornada fixéronse afirmacións moi graves sobre “concentración sospeitosa e destrución do mercado e da competencia” na contratación de SOGAMA.

Diferentes persoas expertas cuestionaron os procedementos de licitación, os criterios de valoración e os resultados da contratación de SOGAMA, coa concentración da contratación nun grupo empresarial que controla a maior parte da operativa do complexo de Cerceda.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración lle merecen á Xunta ás acusacións de concentración sospeitosa e destrución do mercado e da competencia nas adxudicacións de SOGAMA?

. Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta en relación coa concentración de adxudicacións nun mesmo grupo empresarial?

. Ten previsto o goberno galego revisar os criterios de valoración das ofertas?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 12:11:48

Mercedes Queixas Zas na data 14/02/2022 12:11:57

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 12:12:14



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10:

- 1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.*
- 2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.*
- 3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.*

Un ano máis tarde, no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, establecíase o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, que na súa exposición de motivos afirmaba que “a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ao tempo que fai patente a orixe ou as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos”. Xa no Decreto 219/1998, do 2 de xullo, se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra.

A política de salvagarda e protección do patrimonio toponímico ten amparo no Plan xeral de normalización lingüística aprobado no 2004; na Lei estatal 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial e na Lei galega 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

É, xa que logo, extensa e indiscutible a literatura normativa que define e protexe a nosa toponimia como parte do noso patrimonio cultural inmaterial e por esa razón sorprenden na actualidade determinadas manifestacións que se levan producindo no ámbito público sen que o Goberno galego tome ningunha medida contundente ao respecto.



A última destas situacións de clara deturpación da nosa toponimia é se cabe máis grave xa que conta co financiamento da Xunta de Galicia, concretamente de Xacobeo 21-22. Nestes días recentes asistimos a uns carteis de promoción do programa radiofónico que Federico Jiménez Losantos realizará dende a vila pontevedresa de Sanxenxo no que inclúe unha forma toponímica inexistente, *Sangenjo*, que figura xunto co logotipo oficial do Xacobeo 21-22 Galicia.

É inaceptable que o Goberno galego sexa partícipe deste maltrato á nosa lingua, tanto por non ter sometido a control toda a publicidade sufragada con fondos públicos como para non actuar unha vez coñecido este atentado á nosa toponimia.

Por esta razón, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

1ª) Como valora o Goberno galego que un evento que deturpa a nosa toponimia sexa sufragado con cartos públicos?

2ª) Tomou algunha acción a Xunta de Galicia para eliminar ou corrixir os carteis promocionais do programa de Jiménez Losantos en Sanxenxo? En caso afirmativo, cal foi?

3ª) Cal foi o orzamento público destinado ao patrocinio deste programa?

4ª) Quen ou que órgano se encarga de controlar a utilización da nosa lingua na publicidade institucional ou na que é sufragada con cartos públicos?

5ª) Valora o Goberno galego ampliar as funcións da Comisión de Toponimia a tarefas de control do cumprimento da normativa?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/02/2022 13:44:19

Julio Torrado Quintela na data 14/02/2022 13:44:32

Noelia Otero Lago na data 14/02/2022 13:44:42



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a lei permite.

Ademais Galicia é das CCAA que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España.

Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera e para mellorar os servizos de atención por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

Polo tanto dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos fundamental blindar o sistema de atención á dependencia ou maiores para ofrecer atención de calidade aos galegos e galegas nunha das CCAA máis envellecidas de todo o país.

Outro factor a ter en conta é o desequilibrio territorial que existe en canto á oferta de servizos para a cidadanía que reside no ámbito rural.

Un dos servizos máis importantes para ofrecer coidados terapéuticos e de calidade a persoas maiores ou con dependencia son os centros de día. O concello de Vilamarín abarca nove parroquias e máis de dous mil habitantes, polo que é fundamental dar cobertura aos veciños e veciñas mediante un centro de día que garanta os coidados nunha poboación envellecida e nun contexto rural.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.ª) Considera necesario a Consellería de Política Social un investimento significativo no rural en canto a servizos de atención á dependencia ou maiores?

2.ª) En que investiron ou investirán os recursos do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España?

3.ª) Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?

4.ª) Consideran importante investir nun centro de día de titularidade e xestión pública en Vilamarín, tendo en conta o envellecemento da poboación e desequilibrio territorial en canto a servizos no rural?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 14/02/2022 14:04:45

Julio Torrado Quintela na data 14/02/2022 14:04:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a cobertura que realiza a RTVG do deporte galego.

Exposición de motivos

Na fin de semana do 12 e 13 de febreiro houbo un grande evento deportivo no noso país como eran as fases finais da Copa da Raíña de voleibol que se celebraron na cidade de Lugo.

Afortunadamente, o noso país contaba con representante neste importante evento deportivo de alto nivel. Pola contra e a pesar da importancia desta cita para o voleibol galego e para o deporte feminino en Galiza, a RTVG decidiu non retransmitir ningún partido da Copa da Raíña de voleibol, preferindo partidos de fútbol da Liga portuguesa ou da Liga Francesa.

O grave do problema é que esta situación non é algo estraño, xa que se fai moi habitual ver como semana tras semana os grandes eventos deportivos do noso país son substituídos por emisións de ligas de fútbol do estranxeiro, na que ningunha equipa galega xoga.

Alén disto, o deporte galego observa unha grande diferenza na retransmisión dependendo da disciplina deportiva da que se trate. Isto débese a que os clubs de voleibol, balonmán ou demais deportes ven continuamente como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a canle pública non lles dá apenas cobertura algunha, sendo sempre o fútbol o escollido.

Desde o BNG entendemos que a nosa canle pública debe tratar de dar visibilidade do xeito máis equitativo a todos os clubs galegos de todas as disciplinas deportivas, sen que o fútbol monopolice as súas emisións e garantindo que deportes menos maioritarios teñan tamén o seu oco, xa que isto é vital para a súa promoción e visibilidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Considera a RTVG e a Xunta de Galiza normal que un evento da importancia da Copa da Raíña que se disputou en Lugo non fose retransmitida en directo na nosa canle pública?
- Pensa a Xunta de Galiza que a RTVG está a favorecer a promoción e visibilidade dos clubs galegos de alto nivel que non practiquen o fútbol?
- Vai a Xunta de Galiza pular por unha mellor repartición do espazo televisivo de todos os deportes?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2022 18:09:02

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 18:09:05

María González Albert na data 14/02/2022 18:09:11

Daniel Castro García na data 14/02/2022 18:09:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Maria González Albert, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da muller con respecto a vivir a súa vida en igualdade segue lonxe de estar onde debería.

Cada 8 de marzo saltan un sen número de cifras relacionadas coa fenda salarial, as dificultades das mulleres para a conciliación familiar ou a falta de corresponsabilidade nos coidados.

Até hai pouco tempo non se chegaba a diferenciar a situación da muller no rural, que se cabe podería ser incluso peor que a que se vive nas cidades. Dende hai uns anos os sindicatos agrarios e os medios de comunicación do agro puxeron o seu punto de vista nestas mulleres, chamadas habitualmente rurais.

A situación do rural na Galiza ten grandes particularidades marcadas pola orografía, a distribución da poboación polo territorio, a perda poboacional, etc, que condicionan manifestamente a vida en xeral e a das mulleres en particular.

A falta de peso do rural é evidente e das mulleres dentro del aínda teñen menos, o cal achanda a desigualdade de xeito perfecto. Pode ser porque é un mundo masculinizado, duplicando o número de homes ó número de mulleres e as condutas machistas aínda se manteñen dun xeito bastante xeneralizado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As cousas mudan moi lentamente pola desidia política que ten unha visión netamente patriarcal tanto sexa aplicada polos homes ou polas mulleres.

Os datos económicos do ano 2020 feitos públicos polas organizacións do sector indicaban que o 57% das perceptoras da PAC son mulleres pero cobran axudas un 40% inferiores aos homes. A media de prestacións para os homes é de 9.736€ por 4.106€ para as mulleres, o que supón unha diferenza en contra da muller de 5.630€, que é maior que o que ela percibe.

Segundo o IGE os salarios no sector son de 16.606€ para os homes e de 12.636€ as mulleres, cunha diferenza de 3.970€.

Tampouco existe igualdade no cobro de pensións xa que un 80% dos homes cobran a pensión íntegra fronte ao 5% de mulleres.

Só 18 delas se deron de alta como cotitulares nunha explotación dende o 2012, cando a estimación é que son 35.000€ as que traballan en granxas familiares sen estaren dadas de alta.

Queda claro que a fenda de xénero no rural é, desgrazadamente transversal ao longo da vida laboral da muller e dende logo, se houbo plans e distintas políticas para corrixir este asunto parece que non as houbo... nin en Europa, nin España, nin na Xunta de Galiza.

Máis da metade das mulleres está nunha zona de sombra que se chama poboación inactiva... Hai que impulsar que saian á outra zona que é ser poboación activa e moito mellor ocupada. Queda claro que a incorporación da muller ao tecido produtivo do rural é unha cuestión pendente.

Sen dignidade económica non hai dignidade persoal nin igualdade feminina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para que as mulleres rurais melloren o primeiro que hai que facer é mellorar o medio rural en xeral, porque está sumido en círculos viciosos dos que é difícil que saia sen que haxa auténticas políticas que favorezan a fixación de poboación e para iso hai que garantir rendas medias que permitan a vida digna dos seus habitantes.

Se o rural non mellora social, demográfica e economicamente non o vai facer a muller dentro del.

Para poder mudar esta situación primeiramente haberá de ter a vontade política de abordala, poñer os recursos necesarios, e para isto haberá que coñecer a situación das mulleres no rural para mudalas en moitos ámbitos, como son os seguintes:

1. Independencia económica
2. Conciliación
3. Mesma representación na toma de decisións
4. Erradicación da violencia de xénero
5. Eliminación de estereotipos sexistas
6. Promoción da igualdade de xénero

As mulleres do rural están organizándose para reivindicar a súa igualdade, pero a sociedade non pode cargar nas mulleres a responsabilidade de acadar a súa propia igualdade porque é a sociedade no seu conxunto a que ten a obriga de garantir dereitos para tódolos seus e súas membros, e máis se son relativos á igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos ante unha oportunidade histórica para destinar os fondos europeos para a realización dun cambio radical para as mulleres en xeral e para as do rural en particular. Sen dúbida o interese que se poña nesta ocasión poderá medirse polo nivel de esforzo e inversión deste goberno da Xunta e denotará perfectamente a importancia que ten para o Partido Popular a causa das mulleres na Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten o goberno da Xunta feito algún estudo, coa súa posterior análise, sobre a situación das mulleres do rural galego a respecto da igualdade e da violencia de xénero?

Que medidas concretas se tomaron por parte do goberno da Xunta para fomentar que as mulleres do rural se queden ou volvan a el coa debida cualificación formativa?

Como pensa a Xunta afrontar o déficit de mulleres nos órganos de decisións como xuntas directivas de cooperativas e outros organismo relacionados coa agroindustria?

Van abordar as dificultades de conciliación das mulleres no relativo á falta de servizos básicos e da falta de corresponsabilidade dos proxenitores masculinos?

Como pensan abordar a corrección da discriminación que sofren as mulleres á hora de recibir axudas da PAC?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai tomar o goberno da Xunta para a abordaxe da violencia de xénero no rural en canto á súa cuantificación e vías de solución?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: Carmen Aira Díaz
María González Albert
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2022 18:34:28

María González Albert na data 14/02/2022 18:34:32

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2022 18:34:43

María del Carmen Aira Díaz na data 14/02/2022 18:34:53



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Calquera persoa que utilizara a estación de autobuses da vila de Gondomar nos últimos tempos podería comprobar o mal estado de conservación desta estación. A limpeza, a conservación e o mantemento das infraestruturas públicas é un aspecto fundamental que se debe realizar non só de cara a boa imaxe que ofrece unha vila cara a súa veciñanza e visitantes, senón tamén por cuestións relacionadas coa saúde, o medio ambiente e a accesibilidade.

A estación de autobuses de Gondomar converteuse nun espazo con dificultades de accesibilidade, sinistro e desolado, especialmente en horario nocturno. A titularidade desta estación é da Xunta de Galicia. É o edificio público de Gondomar que estando en uso presenta maior abandono e desidia no seu mantemento.

A súa conservación e mantemento compete á empresa concesionaria da súa xestión, concretamente á empresa Autocares Melytour, dita xestión é en moitos casos inexistente deixando ditas tarefas a un terceiro. Aínda que a conservación da instalación e do edificio sexa responsabilidade desta empresa, a Xunta de Galicia como titular da instalación debería esixir o seu bo mantemento.

Os problemas máis concretos son: paredes en mal estado, a falta de limpeza, deficiente iluminación, incluso inexistente polas noites, mal estado do mobiliario, baños impropios dun lugar destas características, sinalización en mal estado, por non falar do peche da oficina, do despacho de billetes e da cafetería. Estes problemas son os que teñen que soportar diariamente as persoas usuarias desta estación de autobuses.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Executivo autonómico a facer cumprir o mantemento e conservación da estación de autobuses de Gondomar, concretamente a limpeza, a reparación de todas as súas instalacións e o acendido de todo o alumado da estación, principalmente en horario nocturno?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/02/2022 11:36:21

Patricia Otero Rodríguez na data 15/02/2022 11:36:28

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/02/2022 11:36:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza explique as xestións realizadas na Casa de Galiza de Montevideo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa de Galiza de Montevideo leva anos atopándose nun estado de extrema dificultade. Xa en outubro do ano 2018, a Directiva da Casa da Galiza de Montevideo afirmaba que se atopaba nunha situación moi comprometida polo endebedamento, situación que empeorou coa derradeira directiva. Máis tarde, en decembro de 2021 o Poder Xudicial decretou o fechamento da Casa de Galiza cunha débeda que nese momento ascendía ao equivalente a uns dous millóns de euros. A decisión tomouse con escurantismo, en pleno nadal e existen moitas dúbidas entre as socias e socios do centro social sobre as interrelacións entre a decisión do poder xudicial e a posición do Goberno conservador actual, nomeadamente do Ministro de Sanidade. O Goberno galego manifestou hai uns meses o apoio ao goberno presidido por Lacalle Pou sen interesarse pola opinión dos 44.000 socias e socios da histórica entidade fundada no 1917, así como dos seus funcionarios e traballadores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, o Goberno uruguaio ordenaba en outubro de 2021 a intervención do sanatorio desta Casa de Galiza, unha acción que supuxo a marcha das propias autoridades do sanatorio.

Finalmente, en febreiro do 2022, o Senado e a Cámara de Deputados do Uruguai aprobaron o proxecto de lei que faculta o Executivo a determinar a prestación da asistencia social integrada no sistema sanitario uruguaio que se destinará á afiliación e a parte do funcionariado da Casa da Galiza de Montevideo.

Sendo esta a situación faise necesario saber cal foi a xestión que a Xunta de Galiza en relación co patrimonio sociosanitario das galegas e galegas socios de Casa de Galiza. Queremos que clarifique que fixo e fará o Goberno galego sobre a situación da entidade, tanto na obra social, como no inmovible, tanto a nivel de clarificar os investimentos sanitarios que realizou a Xunta de Galiza, como co que ten a ver co material cultural bibliográfico, pictórico e escultórico existente no centro..

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Cales son os investimentos que a Xunta de Galiza veu facendo nos últimos anos no tocante a material sanitario e tecnolóxico en Casa de Galiza?

. Cales van ser as actuacións que a Xunta de Galiza vai realizar para salvagardar o material cultural, bibliográfico, pictórico e escultórico que existe na obra social da Casa de Galiza de Montevideo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/02/2022 11:51:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/02/2022 11:51:24

Iria Carreira Pazos na data 15/02/2022 11:51:34

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2022 11:51:45



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A transformación dos servizos sanitarios cara modelos asistenciais máis próximos e amables para a persoa paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos e ás pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar de xeito coordinado e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa pasado o ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Pontevedra-Salnés existen aínda moitos puntos sen cobertura e outros nos que só se cobren casos excepcionais.

Na actualidade esta área sanitaria está cuberta por 3 equipos: 1 no Salnés e 2 en Pontevedra como hai 20 anos.

Antes da pandemia incorporaran outro equipo pero durou só uns meses, e trala irrupción da Covid-19 a situación empeorou notablemente.

Cada equipo está formado por 1 médico e 1 enfermeira e cun número de 6 pacientes en cartilla.

Neste momento cobren comarca Salnés (salvo O Grove); Ulla-Umia (so ata Barro); Cerdedo-Cotobade (so ata Viascón) e os concellos que se atopan ao



marxe da estrada Pontevedra-Vigo ata Arcade (Soutomaior), quedando polo tanto moitas zonas descubertas.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o goberno da Xunta de Galicia ten que incrementar o persoal deste servizo para que poda chegar á maior parte do territorio.

Por outra banda e tendo en conta o gran traballo que desenvolven as persoas profesionais deste servizo, o Goberno galego ten que mellorar as condicións laborais dos mesmos, xa que non se pode consentir que un destes médicos estivera 8 anos encadeando contratos mensuais

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?
2. Cales son as razóns de que a área sanitaria de Pontevedra-Salnés deixe fóra do servizo HADO a numerosos núcleos de poboación?
3. Ten previsto o Goberno galego incrementar o número de equipos HADO na área sanitaria Pontevedra-Salnés para chegar este servizo a todos os Concellos e parroquias?
4. Entende este Goberno que as persoas profesionais que traballan no servizo HADO teñen unhas condicións laborais dignas?
5. Como explica este Goberno que un dos médicos deste servizo HADO encadeara contratos mensuais durante 8 anos?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/02/2022 12:09:49

Julio Torrado Quintela na data 15/02/2022 12:09:56

Marina Ortega Otero na data 15/02/2022 12:10:04



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A media anual da EPA reflicte unha diminución do número de mulleres ocupadas durante a pandemia. Entre 2019 e 2021 hai 7.485 mulleres ocupadas menos, unha diminución do 1,4 %. Se miramos no conxunto do Estado, o número de mulleres ocupadas aumenta nun 1,0 %. Hai 88.170 mulleres máis.

Coa pandemia hai un diferencial de 2,4 puntos menos contra as mulleres ocupadas de Galicia. As medidas postas en marcha ou, mellor aínda, a carencia de medidas postas en marcha para evitar o aumento da desigualdade por parte da Consellería, provocaron este aumento.

Se miramos o que ocorre coas mulleres asalariadas, a pandemia tamén supuxo un aumento da súa desigualdade. En Galicia as mulleres asalariadas diminúen en 4.720 persoas, un 1,1 %. No conxunto do Estado aumentan un 0,9 %, hai 68.010 mulleres asalariadas máis.

Coa pandemia hai un diferencial de 2 puntos menos contra as mulleres asalariadas de Galicia. As medidas postas en marcha ou, mellor aínda, a carencia de medidas postas en marcha para evitar o aumento da desigualdade por parte da Consellería, provocaron este aumento.

Se miramos sobre as medidas tomadas polo Goberno do Estado para paliar os efectos da pandemia, en Galicia houbo 346.409 persoas con alta inicial en prestación contributiva por ERTE o que supón o 4,9 % das altas iniciais que houbo no Estado. Desas altas, 174.534 corresponden a mulleres galegas o que supón o 50,4 %, tres décimas menos da que lles correspondería segundo o seu peso na afiliación por conta allea.

Se miramos o comportamento das ocupacións, as mulleres perden presenza en moitas ocupacións masculinizadas e hai ocupacións feminizadas nas que aumenta a presenza dos homes.



A pandemia afonda, polo tanto, a brecha de xénero en Galicia en materia de emprego.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que en Galicia coa pandemia as mulleres ocupadas diminúan un 1,4 % e no conxunto do Estado aumenten un 1 %?
2. Que valoración fai o Goberno galego de que en Galicia coa pandemia as mulleres asalariadas diminúan un 1,1 %?
3. Que valoración fai o Goberno galego do contraste entre esa perda de mulleres ocupadas e o aumento do 0,9 % no conxunto do Estado?
4. Que valoración fai o Goberno galego do aumento da desigualdade que se ten producido en determinadas ocupacións durante a pandemia?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/02/2022 16:27:40

Noa Susana Díaz Varela na data 15/02/2022 16:27:48

Julio Torrado Quintela na data 15/02/2022 16:28:01

Marina Ortega Otero na data 15/02/2022 16:28:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o incremento dos prezos e o impacto na economía e nos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2021 estivo marcado a nivel económico e social por un forte incremento dos prezos, singularmente dos enerxéticos. Este fenómeno, no marco da crise económica derivada da pandemia da covid-19 está a condicionar a vida dos galegos e galegas e o desenvolvemento das actividades económicas.

Analizando os datos publicados no mes de xaneiro de 2022 polo Instituto Galego de Estatística vemos como tivo lugar unha importante suba da inflación. O índice xeral de Galiza correspondente ao mes de decembro de 2021 rexistrou un incremento do 1,0% con respecto ao mes anterior, dúas décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado (1,2%), a diferenza do acontecido no mes anterior. Porén, hai que sinalar como con respecto a decembro de 2020 os prezos rexistraron un aumento do 6,7%, dúas décimas superior ao do conxunto do Estado español (6,5%).

Cos datos de febreiro de 2022 observamos como o índice xeral de Galiza correspondente ao mes de xaneiro de 2022 rexistrou unha caída do 0,3% con respecto ao mes anterior, taxa inferior á rexistrada no conxunto do Estado (-0,4%). Con respecto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a xaneiro de 2021, os prezos rexistraron un aumento do 6,8%, sete décimas máis que no conxunto do Estado (6,1%) afondando na tendencia diferencial.

A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 3,0%, nove décimas superior á rexistrada en decembro (2,1%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (2,4%). En termos de taxa interanual, son os grupos de "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (21,0%), "Transporte" (11,3%), "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (4,9%) e "Vestido e calzado" (7,4%), os que repercuten máis positivamente na taxa (6,0 puntos entre os catro grupos).

Por outra banda, desde o punto de vista das variacións intermensuais, os grupos máis destacables con subida de prezos no noso país foron: "Transporte" (1,9%), "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (0,8%), "Outros bens e servizos" (0,5%) e "Bebidas alcohólicas e tabaco" (0,5%).

A nivel territorial o IGE tamén informa dos índices da estrutura administrativa coñecida como provincia. taxa de variación dos prezos moveuse entre o 6,6 de A Coruña e o 7 de Lugo en termos de variación interanual.

É necesario engadir que todo isto acontece nun contexto de nova suba dos prezos enerxéticos, moi condicionada pola evolución dos prezos de emisións e do gas, e pola permanencia da crise dos colos de botella e de materias primas no ámbito industrial e loxístico.

É necesario que a administración galega estea vixiante diante do incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, e do impacto acumulado da denominada “costa de xaneiro” sobre un primeiro trimestre de 2022 na economía e nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fogares galegos que apunta á continuidade na suba de prezos e, polo tanto, no empobrecemento global da sociedade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

- . Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos, singularmente de vivenda, alimentación e enerxía, na economía e nos fogares galegos?
- . Que medidas paliativas pensa arbitrar?
- . E que medidas do punto de vista máis estrutural do modelo económico galego?
- . Como valora o goberno galego a consolidación da suba da inflación, por riba das previsións elaboradas polos institutos estatísticos?
- . Afecta isto ás previsións macroeconómicas que prevía nos orzamentos vixentes?
- . Elabora o goberno galego algún estudo específico? E algunha mesa de seguimento conformada polos axentes sociais e económicos?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2022 16:24:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2022 16:24:48

Daniel Pérez López na data 15/02/2022 16:25:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza rectifique no seu empeño en deturpar a toponimia galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días a sociedade galega volveu presenciar un novo episodio no que a Xunta de Galiza deturpaba a nosa toponimia. Neste caso trátase dun programa radiofónico patrocinado, é dicir, financiado por “Xacobeo 21-22 Galicia”. O grave deste patrocinio está no feito de que se emprega o termo “Sangenjo”, un topónimo que non existe e que vulnera a propia Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, que no seu artigo 10 deixa claro que os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega.

Desgraciadamente, exemplos coma este xa son típicos nos gobernos do Presidente Feijóo, nos que abundan deturpacións como “La Toja”, “Orense”, “La Coruña” o “Villagarcía”, entre moitas outras. Todo isto evidencia a necesidade de que o goberno galego cumpra a lei e respecte o patrimonio toponímico do noso país e a súa lingua propia que une a todos os galegos e galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cal é a explicación da Xunta de Galiza que xustifique o feito de patrocinar eventos nos que se deturpa a nosa toponimia?

. Está disposta a Xunta de Galiza a rectificar e pedir desculpas polo patrocinio de eventos nos que se deturpa a nosa toponimia?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/02/2022 16:45:55

Mercedes Queixas Zas na data 15/02/2022 16:46:00

María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2022 16:46:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/02/2022 16:46:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a tala indiscriminada de piñeirais e especies autóctonas en Nogueira de Ramuín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez un espazo natural protexido e recoñecido, tanto pola UNESCO, como pola súa inclusión en Rede Natura 2000 ven sufrir unha actuación de eliminación indiscriminada de especies naturais do seu ecosistema.

Hai uns días no concello de Nogueira de Ramuín, na contorna do embarcadoiro do catamarán da Ribeira Sacra, produciuse a tala de piñeirais e especies autóctonas, que en modo algún pode cualificarse de “entresaca” para mantemento e conservación do espazo natural, senón que máis ben semella unha actuación de explotación forestal, con claros signos rendistas, e pouco respectuosa cos recoñecidos valores naturais, medioambientais e paisaxísticos do espazo.

A tala executada non só implica a eliminación de numerosos exemplares de piñeiros e de diferentes especies autóctonas, senón que a orografía do terreo pode provocar que a ausencia das árbores favoreza un proceso de erosión que comprometa o equilibrio do ecosistema, así como que permita manter as condicións para a conservación e crecemento da flora e fauna actualmente existente e que provocou o recoñecemento internacional do valor natural e paisaxístico do lugar.



Non constando a existencia do debido control por parte da Xunta de Galiza sobre a actuación realizada por iniciativa de Iberdrola e outros propietarios, así como de medidas para a conservación e mantemento do espazo natural de cada vez máis relevancia turística, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Ten constancia a Xunta de Galiza da tala e eliminación indiscriminada de piñeiros e especies arbóreas autóctonas levada a cabo na contorna do embarcadoiro existente no concello de Nogueira de Ramuín (Ourense)?

. Autorización a Xunta de Galiza tal intervención?

. Cal era o número e tipoloxía das especies para as que, no seu caso, se autorizou a tala e/ou eliminación?

. Cal foi o número de árbores respecto dos que se autorizou a tala ou eliminación?

. Realizou a Xunta de Galiza algunha actuación para verificar que a actuación realizada correspondeuse coa, no seu caso, autorizada?

. Entende a Xunta de Galiza que alén do valor das especies taladas e/ou eliminadas, unha tala indiscriminada pode facilitar un proceso de erosión no terreo e que o alcance dun proceso de erosión pode afectar ao desenvolvemento da flora e fauna do espazo no que se produce?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2022 09:25:08

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2022 09:25:27

María González Albert na data 16/02/2022 09:25:39

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2022 09:25:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª** sobre a conservación e valoración do castro milenario Penedos do Castro no concello de Nogueira de Ramuín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A singularidade natural, medioambiental e tamén o valor do patrimonio histórico contido na Ribeira Sacra faina tributaria da realizacións de actuacións especiais destinadas a súa conservación, protección e posta en valor.

A instalación dunha estrutura de madeira nas proximidades dos restos arqueolóxicos dos Penedos do Castro, en concreto na contorna dos foso, muralla e vivendas de orixe castrexo, permite cuestionar a consideración e valor que a Xunta de Galiza confire ao referido espazo.

Dende que hai décadas se identificara a existencia de restos arqueolóxicos, datados no século IV A.C., que permitían afirmar a existencia dun importante asentamento de orixe castrexo, mesmo de autoridades de procedencia visigoda relacionadas con rei Leovixildo; non consta se planificase intervención algunha para explorar, conservación e valorizar o achado histórico. Máis unha vez as autoridades competentes obviaban o valor do patrimonio histórico da provincia de Ourense e as potencialidades inherentes ao mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O xacemento arqueolóxico sitúase nun dos miradoiros naturais máis privilexiados da Ribeira Sacra, por permitir unha visión espectacular do mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, como da unión dos ríos Cabe e Sil.

Xa que logo o valor do patrimonio arqueolóxico, natural e paisaxístico do espazo Penedos de Castro vese comprometido pola instalación dunha estrutura de madeira para construír un miradoiro. Resulta cando menos elocuente que a única actuación da que se ten constancia nos últimos anos non sexa dirixida a afondar nas escavacións ou na exploración dos restos históricos e arqueolóxicos atopados no seu día: ou na planificación racional e coordinada dos extraordinarios valores do lugar. Unicamente se intervéñ para instalar un miradoiro sen ter en conta a afectación que poda provocar no patrimonio cultural e natural do lugar.

Ante tal intervención, que provocou unha lóxica inquedanza en asociacións e veciñanza da zona, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Informou e autorizou a Xunta de Galiza a instalación dunha estrutura de madeira sobre o xacemento arqueolóxico Penedos do Castro en Nogueira de Ramuín?

. Que actuacións e intervencións realizou nos últimos cinco anos a Xunta de Galiza no espazo arqueolóxico Penedos do Castro?

. Considera a Xunta de Galiza que o valor do patrimonio arqueolóxico identificado no lugar o fai merecente dun maior proceso de investigación e de afondar nas escavacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten elaborado e, no seu caso, aprobado un Plan para a potenciación dos valores naturais, paisaxísticos e históricos do espazo do Penedos dos Castros?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2022 10:36:50

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2022 10:36:53

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2022 10:37:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 10:37:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, en demanda de criterios de equidade para o galego na convocatoria de axudas a entidades locais para a adquisición de coleccións bibliográficas para bibliotecas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anualmente publicábase no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galiza.

Esta convocatoria consta de dous programas conducentes aos fins que promoven as normas de aplicación en que se din sustentaren: Lei de normalización lingüística, Lei de bibliotecas, Lei do libro e da Lectura.

Contribuír, mediante o programa A, ao fomento do libro galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa disposición en todas as bibliotecas públicas daquelas novidades en galego no momento da súa entrada no mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mellorar, conforme o programa B, as coleccións bibliográficas en formato físico das bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, co fin de conseguir unha colección máis completa, diversificada e actual.

Neste senso, a convocatoria responde á obriga da Xunta de Galiza de contribuír á promoción do libro galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa disposición. Un obxectivo que determina esa convocatoria como competencia da Secretaría Xeral de Cultura en materia de promoción do libro e da lectura.

A recente convocatoria de 2022 amosa unha diferenza a respecto da procedencia dos recursos económicos, pois a diferenza de anos anteriores, neste caso non proceden de recursos propios, senón do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, isto é, derivados dos fondos Next Generation.

Con todo, hai outra diferenza máis significativa que semella contradicir os principios e obxectivos enunciados para esta convocatoria.

Mentres en convocatorias anteriores, para o programa B de subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas se regulaba que un 25 %, como mínimo, da subvención concedida se destinaría á adquisición de fondo bibliográfico editado en lingua galega, na convocatoria de 2022 elimínase esta condición e introdúcese a seguinte:

“Como mínimo un 50% do importe da subvención concedida destinarase á adquisición de fondo bibliográfico editado en castelán. O 50% restante pode destinarse a adquisición de fondo bibliográfico tanto en galego como en castelán. Non obstante, dentro deste último, ata un 10% poderá dedicarse a adquirir fondos editados en linguas estranxeiras ou en linguas oficiais ou con recoñecemento expreso no estatuto de autonomía doutras comunidades autónomas”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un criterio que no BNG, se antes entendiamos de infravaloración da presenza do galego a través da creación literaria e da consecuente oferta pública desde as bibliotecas públicas do noso país, agora definimos de práctica exclusión, o que redunda máis unha vez nunha práctica discriminadora para a nosa lingua propia que veu sendo habitual por parte do goberno galego do PP na última década.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Que razóns levan a Xunta de Galiza a excluír na práctica a compra de fondos bibliográficos en galego por parte das bibliotecas públicas?

- Por que non dedica o PP os fondos extraordinarios Next Generation a reforzar o investimento en fondos bibliográficos en galego?

- Considera o Goberno galego que os fondos europeos debe priorizar até un 100% a compra de materiais bibliográficos noutras linguas diferentes do galego para as bibliotecas municipais?

- Entende o goberno da Xunta que é esta unha medida estrutural e transformadora, como requiren os fondos Next Generation, no eido da dinamización da lectura en galego?

- Cal é o obxectivo desta mudanza na convocatoria? Considera que reforza o goberno do PP o sector do libro en galego en tempos de recuperación da pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contempla o Goberno galego algunha outra nova convocatoria que actúe de reforzo positivo para o público lector galego dispor de maior oferta bibliográfica en lingua galega nas bibliotecas públicas municipais?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2022 11:31:12

Daniel Castro García na data 16/02/2022 11:31:16

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 11:31:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a extinción de concesións hidroeléctricas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de numerosos requerimentos por parte de ADEGA, o pasado mes de decembro Augas de Galiza presentou un informe no Consello Reitor sobre a extinción de concesións hidroeléctricas.

Segundo este informe, desde o ano 2016 extinguíronse 58 concesións hidráulicas por diversos motivos: remate do prazo concesional, caducidade da concesión ou renuncia expresa do concesionario.

Por outra parte, nestes momentos estanse tramitando 7 expedientes de extinción de concesións hidroeléctricas por remate do prazo concesional: CH de Fervenzas (río Vexo), CH de Güimil (río Lambre), CH La Castellana (río Mandeo), CH Ponte Inferno (río Verdugo), CH de Ponte Bora (río Lérez), CH de Nove Fontes (río Lañas) e Salto do río Zarzo.

En relación coa pregunta formulada por ADEGA sobre “que ten pensado facer Augas de Galiza coas infraestruturas das concesións hidroeléctricas”, o informe sinala que “é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na administración hidráulica e que esixe unha análise en profundidade e caso a caso”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que si deixou claro a conselleira no tratamento deste punto é que non se ía crear “unha Empresa Pública de Enerxía”.

Por outra parte, fixéronse declaracións por parte de representantes do goberno galego e anunciáronse expedientes sancionadores a titulares de concesións hidroeléctricas, mais non dispoñemos dunha información oficial e completa sobre esta materia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Fixo algún estudo a Xunta sobre a situación de cada unha das concesións hidroeléctricas extinguidas e os posíbeis usos futuros, considerando a recuperación do curso natural dos ríos?

. Que previsións ten o goberno galego a respecto da tramitación dos expedientes de extinción en curso?

. Por que razón existen expedientes de extinción sen concluír cando o prazo concesional rematou nos anos 2010, 2012, 2016 e 2017?

. Considera o goberno a posibilidade de crear unha empresa pública para a xestión de infraestruturas hidroeléctricas?

. Cantos expedientes sancionadores tramitou Augas de Galiza a empresas titulares de concesións hidroeléctricas desde 2009?

. Cantos destes expedientes remataron coa imposición efectiva dunha sanción?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal foi a contía individual de cada unha das sancións, a cantidade total das mesmas e as cantidades efectivamente cobradas pola administración hidráulica?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2022 11:43:40

Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2022 11:43:43



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O pasado venres 11 de febreiro de 2022, celebrábase un Pleno no Concello de Ourense en sesión extraordinaria e o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome tildaba de “macarra e matón” ao portavoz do BNG Luís Seara, e daba lectura a unha suposta denuncia dun particular contra o concelleiro nacionalista por unha disputa verbal.

Algúns edís trataron de convencer ao alcalde de que cesara no seu indigno comportamento pero este lles respondía con chamadas ao orde.

O alcalde acababa expulsando do Pleno a Luís Seara.

Ante estes graves feitos os concelleiros e concelleiras do PSOE, BNG, PP e Ciudadanos abandonaban o Pleno e só quedaron para realizar a votación do punto que se debatía nese momento, concretamente a recualificación do solo para a residencia de maiores da Fundación Amancio Ortega, polo que tivo que suspenderse o Pleno por falta de quórum para os restantes asuntos.

O alcalde de Ourense, seguindo coa súa bochornosa actitude, posteriormente facía público o acontecido nas redes e comparaba ao portavoz nacionalista con Tejero.

O PSdeG valora que: "Só hai un responsable: Feijóo e o PP, que coa súa decisión colocaron e manteñen a Jácome ao fronte da Alcaldía."

Seguindo a estela do presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo, mostraba a súa solidariedade cos compañeiros do PP no Concello tras o seu abandono do Pleno en protesta pola “conducta irrespectuosa” do alcalde.



Pola súa parte o PP ourensán amosábase na mesma liña lamentando que o acordo de facilitar a construción "vírase escurecido" por unha actitude "irrespectuosa que o PP non comparte".

A situación vivida no pleno do Concello provocaba a condena unánime de tódolos partidos, que insisten en que a situación é insostible.

O actual alcalde de Ourense, que goberna grazas ao apoio do PP, xa ten protagonizado outras esperpénticas situacións ao insultar ao voceiro Rafa Villarino, ou desprestixiar o labor das enfermeiras do Sergas.

Ante esta situación insostible para a cidade de Ourense, para os seus representantes públicos e para os veciños e veciñas, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que o insostible pacto polo que se mantén ao alcalde de Ourense no cargo prexudica a credibilidade institucional da nosa Comunidade Autónoma?
2. Pensa o Goberno galego que o presidente do PPdeG debería romper o pacto da vergoña que mantén a Jácome como Alcalde no Concello de Ourense?
3. Que valoración fai o Goberno galego das continuas faltas de respecto do alcalde de Ourense aos concelleiros e concelleiras da oposición?
4. Pensa o Goberno galego que Jácome é o alcalde que merece a terceira cidade de Galicia?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/02/2022 11:43:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Marina Ortega Otero na data 16/02/2022 11:43:13

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/02/2022 11:43:24

Paloma Castro Rey na data 16/02/2022 11:43:34

Pablo Arangüena Fernández na data 16/02/2022 11:43:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a comunicación marítima entre A Guarda e Caminha.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O “ferry” que une A Guarda con Caminha fai anos que ficou obsoleto e impide que a veciñanza poida empregalo con todo o potencial que debería ter unha transporte deste tipo.

Estamos a falar dunha embarcación antiga que precisa dun calado para navegar que non se dá no traxecto marítimo actual entre a Guarda e Camiña. Esta realidade condiciona, ademais do uso frecuente deste transporte, uns horarios que se veñen determinados polas mareas e impiden que se poidan ter frecuencias regulares e estruturadas.

Pero ademais, esta embarcación padece constantes avarías e o pantalán de atraque fica nun estado de absoluto abandono. Abandono que en boa medida foi motivado pola desidia Portos de Galiza que contribuíu en boa medida a facer inservíbel este medio de transporte.

É evidente que para a Guarda e contorna (así como para as veciñas e veciños da outra banda do Miño), recuperar un transporte áxil e efectivo entre os dous





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

núcleos da beira do Miño sería, ademais dun servizo que cambiaría a vida e as relacións transfronteirizas, un revulsivo para a economía das comarcas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a situación do transporte marítimo transfronteirizo entre a Guarda e Caminha?

2. Ten a Xunta de Galiza pensado iniciar os trámites necesarios co Goberno do Estado e as administracións lusas para dotar á veciñanza da Guarda e Caminha dun servizo de transporte marítimo acorde ás necesidades actuais da veciñanza?

3. Valora a Xunta de Galiza elaborar, en colaboración cos distintas administracións, un proxecto de comunicación transfronteiriza que permita implementar un modelo de transporte áxil e combinado cos distintos medios de transportes públicos da contorna?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2022 16:09:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 16:09:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicitan a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **30702**:

No encabezamento onde dí: **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**,

Debe dicir: **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2022 13:40:03

Paulo Ríos Santomé na data 22/02/2022 13:40:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a formación contra a violencia machista no Máster de profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ensino debe xogar un papel centrar para erradicar a violencia machista, sexa cal for a súa expresión. A violencia machista non entende de idade, e corresponde ás administracións públicas desenvolver as actuacións necesarias para eliminala en todas as esferas da sociedade.

Xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia de actuacións específicas na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero así como a un ámbito fundamental para estas e outras intervencións: o ensino.

Dende o BNG entendemos que o sistema educativo galego debe ser punta de lanza na loita por unha sociedade igualitaria e libre de violencia machista, e para iso cómpre poñer a disposición da comunidade educativa todas as ferramentas necesarias para afrontar este reto.

Nesta lóxica, a formación habilitante para futuro profesorado galego debe ter presente de maneira intensa este reto pola igualdade e contra a violencia machista. Así o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recolle tamén o artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero cando fai mención á Formación nas universidades sinalando que “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

En novembro do ano 2017, o Parlamento galego acordou por unanimidade aprobar unha iniciativa do BNG na que se acadou o seguinte acordo: “O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a, dende o respecto a autonomía universitaria, propoñer as universidades galegas á modificación dos actuais plans de estudo do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación dunha materia específica sobre a formación e prevención en violencia de xénero, de cara a reforzar os contidos que deben darse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando as competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas así como a resolución de conflitos.”

Mais case un lustro despois, o módulo xenérico dos plans de estudo do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional continúa sen ter unha materia específica sobre a formación e prevención contra a violencia machista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas tomou o goberno galego para efectivizar o acordo do Parlamento galego do 11 de novembro de 2017 que instaba a Xunta de Galiza a, dende o respecto a autonomía universitaria, propoñer as universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudo do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación dunha materia específica sobre a formación e prevención en violencia de xénero, de cara a reforzar os contidos que deben darse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando as competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas así como a resolución de conflitos?

Vai o Goberno galego, dende o respecto á autonomía universitaria, demandar ás universidades galegas a incorporación dunha materia específica sobre prevención e formación contra a violencia machista no módulo xenérico do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2022 17:13:45

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2022 17:13:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 17:13:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino galegos sostidos con fondos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE, baixo o título de Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres establece que “co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non separarán o alumnado polo seu xénero”

En numerosas ocasións dende o Partido Popular amosouse publicamente á súa negativa a cumprir o establecido na lexislación educativa vixente, chegando mesmo a declarar en sé parlamentar que “traballaría para que a implantación da LOMLOE non teña efectos en Galiza”

Mais o certo é que o Partido Popular, ao tempo que bate records de financiamento do ensino privado, mantén con fondos públicos centros escolares que impiden que os nenos e as nenas poidan estudar xuntos e que ademais inoculan no alumando un ideario reaccionario, machista e clasista.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
4ª:

Vai o goberno galego cumprir coa lexislación vixente e facer efectiva a
disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE no relativo ao financiamento de
centros privados que separan alumnado por xénero?

Vai o goberno galego seguir financiando centros que segregan alumnado por
razóns de xénero?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2022 17:29:49

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2022 17:29:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 17:30:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o correo Consellaría de Educación aos centros delegando a responsabilidade sobre o uso das máscaras nos recreos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, son moitos os equipos directivos de todo o país que están a denunciar a deixación de funcións por parte da Consellaría de Educación a respecto das indicacións sobre o uso das máscaras nos centros de ensino.

Denuncian que a Consellaría dirixiu aos centros un correo (que non está asinado por ningún responsábel da Consellaría de Educación) no que alén de levar por asunto “Aplicación da lexislación sobre a obrigatoriedade do uso de máscara en centros educativos” non dá ningunha indicación concreta sobre como deben proceder os centros de ensino á hora de esixir o ou non o uso das máscaras durante os recreos.

Tal e como denuncian os centros, no correo remitido dende a Consellaría, tan só se indica o establecido polo Ministerio de Sanidade sobre o uso obrigatorio da máscara en actos multitudinarios, así como a consideración da OMS dos recreos como actos non multitudinarios.

Mais, para sorpresa dos centros educativos, non se indica ningún tipo de instrución concreta sobre o uso da máscara nos recreos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría de Educación demostra con esta actitude que unha vez máis está a poñerse de perfil e delegando as súas responsabilidades sobre decisións de índole sanitaria nos centros de ensino. E a proba é que neste correo, no canto de dar as necesarias instrucións aos equipos directivos, limítase a lembrar a importancia dos grupos burbullas e as limitacións de contactos entre grupos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Quen o foi o responsábel de enviar un correo aos centros de ensino no que non se daban indicacións sobre o uso das máscaras nos recreos e delegaba a responsabilidade dunha decisión de carácter sanitario nos equipos directivos?

Vai a Consellaría de Educación cesar na deixación de funcións que están a denunciar os centros de ensino e remitir de xeito inmediato aos equipos directivos instrucións claras e concretas sobre o uso das máscaras nos recreos?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2022 17:43:36

Daniel Castro García na data 16/02/2022 17:43:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2022 17:43:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA) conta cunha planta de elaboración de fariñas e aceite de pescado situada nun entorno residencial en Chapela, no concello de Redondela. Esta planta leva anos xerando graves problemas ambientais e urbanísticos que afectan á calidade de vida da veciñanza da contorna, debido aos fortes cheiros que xera, mais tamén a todo o sistema ambiental da Ría de Vigo, xa que esta empresa vén sendo o foco de numerosos episodios de verteduras contaminantes á Ría que afectan a zonas pertencentes á Rede Natura 2000 e ás augas de pesca, bateas e marisqueo da contorna.

Dende o ano 2002, distintas asociacións de veciños e veciñas da zona, xunto coas confrarías de pescadores, agrupacións de mariscadoras e a Plataforma en Defensa da Enseada de San Simón, veñen impulsando e sostendo unha campaña para denunciar todos os problemas asociados a esta planta e o incumprimento por parte da empresa de numerosa lexislación. Esta dilatada traxectoria de mobilizacións e denuncias sáldase con numerosas sentenzas que veñen dándolle á razón aos veciños. Con todo a Xunta non ten exercido a tutela no eido ambiental e de ordenación territorial que lle corresponde, máis ben ao contrario, vén exercendo de forma sistemática unha actuación de protección e amparo da empresa a pesar dos seus incumprimento reiterados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A primeira batalla xudicial saldouse cunha resolución do TSXG que ratifica que a actividade da empresa é incompatible coas Normas Subsidiarias. Mais ao mesmo tempo, e de forma sorprendente, esa sentenza rehabilita a renovación da AAI polo período que lle corresponde, logo de que a Xunta lle outorgase esta renovación da AAI en 2013 como salvoconduto para manter a actividade da empresa, a pesar de que en 2011 o TSXG xa anulara a AAI por incompatibilidade urbanística e logo o TS en 2014 confirmara esa sentenza. É dicir, a pesar de que a Xunta xa era coñecedora dos incumprimentos da normativa e das sentenzas desfavorables para a empresa, a Xunta de Galiza outorgoulle á empresa a renovación da AAI que lle permitiu continuar a súa actividade pese a vulnerar as normativas.

Mais non é a única vez que a Xunta actuou de forma parcial con AUCOSA e lle facilitou, por inacción, o incumprimento da normativa. A Xunta mirou para outro lado tralas verteduras sistemáticas por parte da empresa na Ría de Vigo que se veñen sucedendo durante anos e que deberían terlle comportado á empresa a tramitación dunha nova modificación substancial da AAI. Outro exemplo é a instalación por parte da empresa dunha planta satélite de Gas Natural Licuado de forma ilegal, unha substancia perigosa que supón un risco para a saúde e seguridade dos veciños e veciñas. A pesar de que esta actuación implica unha modificación substancial das instalacións que non se tramitou, a Xunta de Galiza non tomou ningunha acción.

O último capítulo do continuo incumprimento da normativa por parte da empresa e da batalla xudicial na que levan anos inmersos os veciños e veciñas da zona facíase público apenas hai uns días. O 27 de xaneiro deste mesmo ano saía a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo que estima un recurso presentado polo colectivo de afectados contra a resolución do Concello que outorgaba a licenza para ampliar as instalacións da empresa e acometer unha serie de obras nas súas instalacións. A sentenza cuestiona os informes do técnico municipal e da Xunta e sinala





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as actuacións afectaban a parte do espazo de dominio público protexido. Segundo o maxistrado as obras agravaron a situación de incompatibilidade co planeamento que xa tiñan as instalacións. Desta forma, o fallo anula a licenza de ampliación das instalacións e a modificación da mesma por non se axustaren á legalidade urbanística. Por unha banda o xuíz fundamenta o seu fallo no feito de que o técnico municipal asentou o seu ditame no presuposto erróneo de que as novas obras só se ían ubicar en solo urbano, cando resulta evidente que non é así. Por outra banda o maxistrado sinala tamén que as actuacións da Xunta de Galiza que apoiaban a actuación do concello estaban desautorizadas e menciona expresamente a resolución da directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo, do 24 de maio de 2019, “que vician por completo a concesión da licenza”.

Sobre as responsabilidades da Xunta de Galiza, o xuíz amosa a súa sorpresa ante unha actuación por parte desta Administración que non é a habitual, é dicir, aprecia unha forma de operar distinta para con esta empresa. En concreto, a sentenza sinala que “na práctica diaria estamos habituados a resolver a conformidade a Dereito de resolucións da APLU que censuran actuacións edificatorias que se realizan sobre esta zona de protección do dominio público marítimo terrestre, respaldando a demolición de calquera caseto aínda que invada parcialmente este espazo e, porén, no presente caso minimízase a actuación licenciada e resolveuse en sentido contrario.” E continúa: “non hai máis que ver o plano de superposición de superficies, (...) para verificar que elementos do novo proxecto (...) ubícanse, en todo ou en parte, na área exterior do deslinde marítimo terrestre, é dicir, en solo non urbanizable de especial protección de costas así clasificado polas NNSS municipais.”

Resulta evidente, por tanto, o papel activo por parte da Xunta de Galiza na procura de favorecer os intereses dunha empresa por riba dos seus deberes públicos. Ante a gravidade do sinalado nesta sentenza que se suma a un importante cúmulo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimentos ambientais e urbanísticos por parte da empresa a Xunta de Galiza debe actuar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre o xuízo que fai a sentenza respecto do expediente A-PO-2018/226?

Con que criterios a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ditou favorablemente as actuacións anuladas polo recente fallo xudicial?

Considera a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que a normativa urbanística habilitaba un uso como o que foi permitido?

Que actuacións vai tomar a Xunta de Galiza á vista da sentenza que anula a licenza de ampliación das instalacións desta empresa?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2022 17:57:56

María do Carme González Iglesias na data 16/02/2022 17:58:06

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2022 17:58:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade entre homes e mulleres é un principio constitucional, plasmado en distintas normativas vixentes. No propio Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, recóllese que “A Comunidade Autónoma de Galiza reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación ente homes e na promoción da igualdade ...”.

Segundo o Instituto Social da Mariña, ISM, Galiza é o territorio de todo o Estado español con máis persoas afiliadas ao Réxime Especial do Mar (REM), con máis de 20.000. Destas, as mulleres ocupan o 24% (arredor de 5.000).

A importancia cuantitativa das mulleres no sector do mar en Galiza, non se traduce, no entanto, nin nunha visibilización nin na posta en valor do traballo das mulleres na actividade pesqueira e marisqueira.

Así, neste sector, a diferenza de outros, hai unha importante escaseza e falta de accesibilidade a datos estatísticos relativos ao papel da muller recoñecida por





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

numerosos organismos, polas persoas que se dedican a estudar e a investigar o tema e polas entidades asociativas do mesmo. E, aínda existindo este tipo de datos, en moitas ocasións a información non é útil para coñecer detalladamente a situación laboral ao non estar desagregada por sexo ou tipoloxía de actividade, polo que resulta moito máis complexo definir un ámbito de actuación así como establecer unha situación real de partida.

A isto tamén se suma o feito de que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola alberga unha gran heteroxeneidade de actividades con casuísticas moi diferentes, que evidentemente varían dun xeito substancial as circunstancias propias das mulleres do sector en función de se estas desempeñan o seu labor na industria pesqueira, na acuicultura ou no ámbito extractivo, é dicir dun xeito máis relacionado co mar ou coa súa contorna. Nomeadamente, no ámbito extractivo a problemática é distinta se falamos de marisqueo, da reparación das redes ou da clasificación e preparación para a venta da pesca.

E todo isto impide, pois, abordar dende un enfoque de xénero os factores que afectan aos diferentes subsectores da actividade, analizándoos de xeito diferenciado, poñendo o foco naquelas situacións discriminatorias e prestando atención aos aspectos máis relevantes en cada caso e, ao mesmo tempo, imprimindo un carácter xeral que podida aplicarse a todo o colectivo de mulleres do sector.

Tamén, tendo en conta estes elementos, resulta moito máis difícil establecer as actuacións para a erradicación das desigualdades ás que se enfrontan as mulleres do sector que, aínda que desenvolven o seu labor en diferentes circunstancias e con problemáticas distintas, teñen obxectivos comúns.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O poder dispoñer de datos claros é o primeiro paso para coñecer minuciosamente a situación e analizar os seus principais problemas, as súas causas e as súas posíbeis solucións para combater a discriminación no sector, sempre coa implicación e participación das administracións, dos distintos actores propios do sector como as confrarías, as organizacións de produtores, as asociacións sectoriais e incluso os GALP.

É evidente que o que non se mide non se pode corrixir e neste sentido faise moi necesario comezar por recoller os datos, observalos, e actuar en consecuencia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que medidas levou, e vai levar a cabo, o Goberno galego para erradicar as desigualdades entre homes e mulleres no sector do mar?

. Que valoración fai da falta de datos concretos e desagregados por sexo para coñecer con exactitude a situación real das mulleres no sector do mar?

. Que medidas está a poñer en marcha nos distintos ámbitos do sector para paliar e erradicar a discriminación das mulleres?

. Cales son as principais dificultades que atopa a Consellaría do Mar para abordar dende un enfoque de xénero os factores que afectan aos diferentes subsectores da actividade?

. Considera que existen datos suficientes para aplicar as medidas máis necesarias en cada caso?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está disposta a poñer en marcha un Observatorio que recompile datos sobre a situación real das mulleres no sector do mar, que os analice e dos que, finalmente, se poidan extraer conclusións para levar a cabo as medidas de igualdade máis acaídas?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 17/02/2022 09:34:05

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2022 09:34:11

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2022 09:34:19

María do Carme González Iglesias na data 17/02/2022 09:34:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 17/02/2022 09:34:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas de reforzo nos órganos xurisdiccionais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incumprimento reiterado por parte da Xunta de Galiza da obriga de informar, periódica e regularmente, da situación e características do persoal ao servizo da administración pública galega, sen actualizar dende xullo de 2020, impide coñecer con exactitude as concreta causas da situación que están a padecer moitos dos órganos xurisdiccionais de Galiza.

Os datos contidos no informe de fiscalización do programa 131-A relativo á Administración de Xustiza evidencia, no que ao persoal se refire, unha importante situación de precariedade na xustiza de Galiza. Altas porcentaxes de interinidades, numerosas prazas vacantes ou reforzos que se prolongan máis do tempo máximo legalmente establecido encubriendo con medidas temporais o que son (ou poden ser) necesidades estruturais.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas de reforzo están actualmente vixentes nos órganos xurisdicionais de Galiza, e cales son as características, antigüidade do reforzo e concreto órgano xurisdicionais ou unidade que dispón de tal medida?

. Cal é o número, a/as duración/s e o órgano xudicial ou unidade que precisaron de persoal de reforzo durante os pasados 15 anos?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/02/2022 10:16:14

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2022 10:16:25

Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2022 10:16:36



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas cunha quenda rotatoria diaria.

A sala de goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX que avalou cun informe esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña recoñecía o pasado ano que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o custe das novas quendas.

A principios do mes de febreiro de 2022 as xuntas sectoriais de instrución de Vigo e A Coruña, aprobaron por unanimidade reclamar ao Goberno autonómico a través do TSXG a dotación deste servizo de quendas.

E o goberno do Estado habilitou unha partida no orzamento 2022 para a implantación deste sistema nestes 2 partidos xudiciais.



Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do custo deste novo servizo.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?
2. Concorda o Goberno en que son precisos servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas?
3. Ante a petición do TSXG, vai o Goberno da Xunta de Galicia por a disposición os recursos económicos necesarios para a posta en marcha deste sistema?
4. Ante a petición do TSXG, vai dotar o Goberno a eses xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/02/2022 10:37:42

Pablo Arangüena Fernández na data 17/02/2022 10:37:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/02/2022 10:37:59

Noelia Otero Lago na data 17/02/2022 10:38:17



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O traballo das mulleres galegas no sector pesqueiro, no que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental en termos sociais e económicos. Non obstante, as mulleres seguen a ter, neste sector, escasa visibilidade, ou máis ben sofren invisibilidade. Seguen a sufrir, tamén, unha forte fenda con respecto aos homes e onde máis se nota en nas condicións laborais, nos salarios e á hora de conciliar o traballo coa vida familiar.

A pesar de ser maioría en moitos dos traballos do mundo do mar como pode ser no caso de redeiras, mariscadoras, traballo nas conserveiras ... apenas acceden aos órganos de dirección, representación e organización do sector da pesca. Por poñer só un exemplo dos 63 patróns maiores dos pósitos galegos só 5 son mulleres. Sendo, polo tanto, inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten este acceso, e aquí as administracións, con competencia na materia, teñen moito que dicir e moito por facer para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector fundamental na nosa Comunidade Autónoma.

Visibilizar e apoiar as contribucións das mulleres no sector da pesca, defender os dereitos das que traballan en actividades vinculadas co mar e facilitarlles a participación no deseño das políticas que favorezan ao colectivo das mulleres do mar serán a base para acadar o seu empoderamento no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia.

A pesca, marisqueo, a acuicultura, e en xeral, todo o traballo que xira en torno ao mar precisa dun enfoque técnico en materia de igualdade, que con perspectiva de xénero, estudie, analice, estableza diagnósticos e realice propostas de medidas correctoras. Isto, no caso de Galicia, polo peso e as características específicas da pesca, do marisqueo e da acuicultura faise imprescindible.

En Galicia contamos cunha única asociación de ámbito galego de mulleres no sector pesqueiro, constituída en decembro de 2016 como “Asociación de Mulleres do Mar de Arousa”, pero que en 2021 ampliou o seu ámbito xeográfico a toda Galicia e pasaron a denominarse “Asociación Mulleres Salgadas de Galicia”, co obxectivo de recoñecer e poñer en valor o traballo feminino galego



neste sector que aglutina a máis de 2.000 mulleres do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateeiras, empresarias, oceanógrafas, biólogas, peixeiras, empresarias do turismo vinculadas ao mar, patroas de embarcacións, directivas ...

Dentro das medidas que propoñen dende esta Asociación de Mulleres e de cara a contribuír de maneira decidida a posicionar o mundo do mar de Galicia dentro da Axenda 2030, especialmente na consecución do obxectivo 5 de Igualdade de Xénero están a promover a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego formado por persoal técnico que estudie, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Non considera necesario o Goberno galego a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estudie, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación?

2ª) Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia no crea este observatorio de igualdade no sector pesqueiro galego?

3ª) Como valora a Xunta de Galicia o papel das mulleres galegas no sector pesqueiro galego?

4ª) Como valora a Xunta de Galicia o escaso número de mulleres nos órganos de dirección das entidades representativas do sector da pesca galego?

5ª) Que medidas vai promover ou adoptar a Xunta de Galicia de cara a reverter esta baixa representación das mulleres nos órganos de representación e dirección no sector da pesca galego?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 16/02/2022 17:28:45

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2022 17:28:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O traballo das mulleres galegas no sector pesqueiro, no que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental en termos sociais e económicos. Non obstante, as mulleres seguen a ter, neste sector, escasa visibilidade, ou máis ben sofren invisibilidade. Seguen a sufrir, tamén, unha forte fenda con respecto aos homes e onde máis se nota en nas condicións laborais, nos salarios e á hora de conciliar o traballo coa vida familiar.

A pesar de ser maioría en moitos dos traballos do mundo do mar como pode ser no caso de redeiras, mariscadoras, traballo nas conserveiras ... apenas acceden aos órganos de dirección, representación e organización do sector da pesca. Por poñer só un exemplo dos 63 patróns maiores dos pósitos galegos só 5 son mulleres. Sendo, polo tanto, inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten este acceso, e aquí as administracións, con competencia na materia, teñen moito que dicir e moito por facer para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector fundamental na nosa Comunidade Autónoma.

Visibilizar e apoiar as contribucións das mulleres no sector da pesca, defender os dereitos das que traballan en actividades vinculadas co mar e facilitarlles a participación no deseño das políticas que favorezan ao colectivo das mulleres do mar serán a base para acadar o seu empoderamento no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia.

A pesca, marisqueo, a acuicultura, e en xeral, todo o traballo que xira en torno ao mar precisa dun enfoque técnico en materia de igualdade, que con perspectiva de xénero, estudie, analice, estableza diagnósticos e realice propostas de medidas correctoras. Isto, no caso de Galicia, polo peso e as características específicas da pesca, do marisqueo e da acuicultura faise imprescindible.

En Galicia contamos cunha única asociación de ámbito galego de mulleres no sector pesqueiro, constituída en decembro de 2016 como “Asociación de Mulleres do Mar de Arousa”, pero que en 2021 ampliou o seu ámbito xeográfico a toda Galicia e pasaron a denominarse “Asociación Mulleres Salgadas de



Galicia”, co obxectivo de recoñecer e poñer en valor o traballo feminino galego neste sector que aglutina a máis de 2.000 mulleres do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateiras, empresarias, oceanógrafas, biólogas, peixeiras, empresarias do turismo vinculadas ao mar, patroas de embarcacións, directivas ...

Dentro das medidas que propoñen dende esta Asociación de Mulleres e de cara a contribuír de maneira decidida a posicionar o mundo do mar de Galicia dentro da Axenda 2030, especialmente na consecución do obxectivo 5 de Igualdade de Xénero están a promover a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego formado por persoal técnico que estudie, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Non considera necesario o Goberno galego a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estudie, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 16/02/2022 17:30:17

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2022 17:30:30



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A inspección técnica de vehículos (ITV) é un servizo que presta en Galicia a empresa Supervisión y Control (SYC) desde o ano 1987. Tras unha prórroga en 2007, ano no que expiraba a concesión orixinal, en febreiro de 2022 obtivo unha nova prórroga da súa concesión por parte da Xunta, que remataba en 2023 e foi prorrogada ata 2027.

O Goberno galego argumenta que o acordo para a prórroga permitirá rebaixar as taxas “este ano” un 1,42 %, pero non fixo público o motivo para non convocar un novo concurso en busca de ofertas mellores, se é que existe.

En troques de prorrogar o contrato, a Xunta podería ter convocado un novo concurso antes de que rematase a prórroga vixente no 2023, nun proceso aberto no que a libre concorrencia podería facilitar mellores ofertas da propia concesionaria ou doutras empresas, seguindo os principios establecidos tanto pola lei de contratos do sector público estatal como pola normativa europea.

A Xunta vén prorrogando contratos de todo tipo sen convocar novos concursos públicos, o que dificulta a entrada no mercado de novas empresas. O Consello de Contas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia veñen advertindo contra unha práctica contraria ao libre mercado e habitual do Goberno galego en contratos e concesións de todo tipo de servizos.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo de que a Xunta prorrogase o contrato da ITV en troques de proceder a iniciar coa debida antelación un novo procedemento de contratación aberto á concorrencia de outras empresas?

2ª) Considera a Xunta que é desexable que unha empresa leve décadas prestando ese servizo á cidadanía de Galicia sen abrilo á concorrencia doutras empresas que poderían ofrecer condicións máis vantaxosas?



3ª) Considera a Xunta que ter establecido un monopolio *de facto* dun servizo público como a ITV beneficia á cidadanía de Galicia?

4ª) Ten previsto a Xunta facer máis prórrogas dese contrato no futuro?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/02/2022 10:53:16

Martín Seco García na data 17/02/2022 10:53:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/02/2022 10:53:51



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda eran moi produtivas corrían grave perigo de non se adoptar medidas, concretamente as rías de Pontevedra, Arousa, A Coruña e Muros-Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa pésima xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais.

O Estado repercutiu sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento estas sancións, sendo o montante para Galicia de 4 millóns de euros, desestimando o TS o recurso presentado pola Xunta de Galicia, que terá, por tanto, que pagar ese importe. E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está tramitando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, que xa completou a fase de información pública, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).



A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, o nivel de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

Así, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos nas rías galegas, un 21,5 % máis que hai un lustro (1.296). Dos detectados, aproximadamente o 16 % (253) excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no entorno pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo; con 60, 45 y 30 puntos, respectivamente, con carga microbiolóxica ou química tóxica, así como Ferrol (29 focos), Ares-Betanzos (19) e Pontevedra (18).

Os datos de Augas de Galicia sobre o balance do ano 2020 indican que, a pesar de tratarse do ano no que, por causa da paralización de actividades económicas pola pandemia, tivo lugar a maior caída do PIB desde a guerra civil, un 10,8 %, o que debería implicar un descenso significativo no nivel de contaminación, a situación non mellorou, ao contrario, empeorou.

Así, asumindo a veracidade duns datos non contrastados independentemente e que, vulnerando a lexislación sobre transparencia, nin sequera están a disposición do público na páxina *web* de Augas de Galicia, detectáronse 21 novos puntos de vertido nas rías, un total de 1.596, agravando unha situación de por si moi negativa e que cuestiona por completo a eficacia do Plan de Control de Vertidos da Xunta. Os puntos negros unicamente reducíronse en 4, pasando de 253 a 249, o que implica un fracaso da política de saneamento das nosas rías, que ven incrementada ano tras ano a carga contaminante que soportan. Rías como O Barqueiro, Viveiro, Ares, Ferrol, Coruña, Muros o Corcubión ofrecen en 2020 peores datos que en 2019, xa que aumentan os puntos de vertido ilegais en 13. As rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo concentran 127 puntos negros.

Inexplicablemente, a situación non mellora posto que segundo os últimos datos da Xunta, dos 1.648 vertidos detectados en Galicia a 28 de setembro del 2021, hai 265 contaminantes, o cal implicaría no balance de todo o ano un forte aumento con respecto a 2020 (un 6,5 % máis de vertidos contaminantes cando faltaban 3 meses para rematar o ano 2021). Entre os 1.648 figuran 790 vertidos



790 dentro dos límites e 593 que xa terían sido subsanados, ademais deses 265 contaminantes.

Vulnerando flagrantemente a obriga de transparencia de calquera administración pública, os datos de vertidos non aparecen publicados en ningunha *web* da Xunta nin de Augas de Galicia, facilitándose unicamente cando se lle requiren por parte dalgún medio de comunicación ou entidade. Por outra banda, na información que proporciona –insistimos, puntualmente e non permanente nin periodicamente– Augas de Galicia non se discrimina a orixe nin as características dos vertidos, algo que ten repercusións entre outras cousas na súa xestión, que en función da orixe pode ser pública ou privada, aínda que as tarefas de inspección e sanción en ambos casos sexan responsabilidade de Augas de Galicia e caian baixo o ámbito do seu Plan de control de vertidos.

Como indicio adicional da gravidade da situación, a día de hoxe hai en Galicia segundo a información de Augas de Galicia 13 zonas marisqueiras clasificadas como C, das que non se pode extraer marisco para a súa comercialización dado o seu elevado grado de contaminación.

Un balance desolador cando a Xunta afirma ter investido 1.100 millóns de euros en saneamento na última década. Por outra banda, a directora e Augas de Galicia sinalaba en setembro de 2020 que a Xunta aspira a captar 675 millóns de euros de fondos europeos (Feder 21-27 e Next Generation) para un ciclo da auga máis verde e xa no ano 2021 a conselleira de Infraestruturas cuantificaba en 110 millóns de euros a aspiración da Xunta para este fin dentro dos fondos Next Generation.

As rías de Galicia son ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade e fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente minguada pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licencias de pesca se reduciron aproximadamente á metade na última década. E se os nosos ríos merecen a máxima protección dado o seu valor ecolóxico, a elevadísima singularidade das nosas rías merece moito mellores políticas e planteamentos moito máis ambiciosos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Como valora a Xunta de Galicia que os vertidos ás nosas rías aumenten no ano 2020 cunha caída histórica do PIB do 10,8 % e sigan aumentando en 2021 incluso sen incluír o último trimestre?

2ª) Cales son os datos dos vertidos producidos en Galicia ao peche do ano 2021?

3ª) Como valora a Xunta que en Galicia haxa a día de hoxe 13 zonas marisqueiras con categoría C?

4ª) Vai implantar o Goberno galego un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia?

5ª) Que proxectos presentou a Xunta de Galicia para optar aos Fondos Next Generation en materia de saneamento e depuración das augas dos nosos ríos e rías?

6ª) Por que importe?

7ª) Como ten pensado reducir eficazmente o Goberno galego os niveis de contaminación existentes nas rías e ríos de Galicia?

8ª) Como valora a Xunta de Galicia que despois de máis dunha década de aplicación do Plan de Control de Vertidos, estes non deixen de aumentar?

9ª) Cantos vertidos ilegais se detectaron en Galicia en cada un dos anos 2021, 2020, 2019, 2015 e 2010?

10ª) Cantos deses vertidos foron detectados pola Xunta e cantos por outras administracións?

11ª) Cantos deses vertidos foron sancionados pola Xunta de Galicia?

12ª) A que importe ascendeu o total de sancións impostas?

13ª) Cantos puntos de vertido existían en Galicia en cada un dos anos 2021, 2020, 2019, 2015 e 2010?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/02/2022 10:57:22

Paloma Castro Rey na data 17/02/2022 10:57:36



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A promoción das condicións favorables para o progreso social e económico, así como a realización dunha política orientada ao pleno emprego, deben marcar a axenda dos poderes públicos, tal e como establece o artigo 40.1 da Constitución Española.

En consecuencia, e no marco das súas competencias, a Xunta de Galicia está a seguir unha folia de ruta que persegue a plena inclusión laboral de todas as galegas e galegos, con medidas específicas para aqueles colectivos como mulleres, persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social ou persoas mozas, todos eles colectivos que aínda se atopan con maiores trabas á hora de acceder ao mercado de traballo. Galicia precisa contar con todos os seus activos para seguir medrando nas mellores condicións.

Así están en marcha, por exemplo, iniciativas como o programa Galicia Emprega, de apoio a formación e contratación de persoas pertencentes aos anteditos colectivos; os obradoiros de emprego, para persoas mozas; o programa Emega, para mulleres emprendedoras ou as axudas á creación e mantemento de emprego en empresas de inserción laboral e en centros especiais de emprego, para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Non obstante, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias directas no mercado de traballo, e á fin de dar resposta a quen atopa maiores dificultades, a Consellería de Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral para impulsar e mellorar a inclusión laboral das galegas e galegos que máis o precisan a través do Plan Emprega Muller, do Plan Emprega Xuventude e do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que actuacións concretas compoñen os Plans Emprega da Consellería de Emprego e Igualdade?
- 2.- A canto ascende o investimento para 2022 de cada uns destes Plans?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



3.- A cantas persoas prevén beneficiar?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 17/02/2022 11:58:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-RQoLXC9OV-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



María Corina Porro Martínez na data 17/02/2022 11:58:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/02/2022 11:58:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2022 11:58:57

José Alberto Pazos Couñago na data 17/02/2022 11:59:13

Noelia Pérez López na data 17/02/2022 11:59:36

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/02/2022 11:59:55

López Sánchez, Rosalía na data 17/02/2022 12:00:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a situación socioeconómica mulleres galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de case dous anos do inicio da pandemia da Covid-19, ningún pode discutir que as mulleres foron as grandes damnificadas.

Os datos EPA do 2020 amosaban como moitas mulleres galegas se vían obrigadas a abandonar o mercado de traballo para adicarse aos coidados de menores e de dependentes. Por iso, ese ano rematou con 10.200 mulleres máis dedicadas a “labores do fogar” ca en 2019. O que demostra o pobre e pouco efectivo das chamadas medidas de corresponsabilidade implementadas polo goberno galego nos últimos anos.

O 77% do emprego destruído no ano do estalido da pandemia, foi feminino. Porén, esas mulleres non se converteron en poboación parada ao pasar á situación de inactivas, co que a taxa de actividade masculina volvía superar á feminina en máis de 10 puntos. A precariedade e a temporalidade imperan no emprego feminino galego, o que propiciou que foran as primeiras despedidas ao comezo da pandemia. As maiores perdas do emprego déronse no sector servizos, e nomeadamente, nas actividades máis feminizadas, coma a hostalaría. A taxa de temporalidade entre as mulleres está moito por riba da masculina, do mesmo xeito que os contratos a tempo parcial están asinados maiormente por mulleres no noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos EPA 2021 non invitan tampouco ao optimismo, porque constatan un aumento do desemprego entre as mulleres, por riba do desemprego entre os homes. En canto á poboación activa, se comparamos 2019 e 2021, as mulleres volven a ser as máis prexudicadas, ao perder un 1,5% de poboación activa fronte ao 0,6% dos homes. En canto a poboación ocupada, tamén respecto ao 2019, o 73% do emprego perdido no ano pasado, corresponde a mulleres. Manténdose constantes negativas coma a fenda salarial ou a feminización de determinadas actividades, caracterizadas pola precariedade laboral. A situación descrita terá, ademais, unhas consecuencias a longo prazo sobre a xubilación, que vai provocar que se agrave a fenda salarial existente.

Todas estas desigualdades xa existían antes da pandemia e agudizáronse coa mesma. Pero co agravante que esa saída do mercado laboral de milleiros de traballadoras galegas, conxuntamente co aumento da precarización do emprego feminino, pode supoñer unha involución dos avances acadados en igualdade a base de loita e perseverancia do movemento feminista. Desigualdades que non foron corrixidas en doce anos de goberno do Partido Popular, como se colixe dunha análise responsábel e non partidista dos diferentes indicadores.

As conclusións que se poden extraer dos datos relativos á situación da muller no mercado laboral galego, debería ter provocado xa unha reacción clara da Xunta de Galiza e da propia Consellería de Emprego e Igualdade, adoptando políticas específicas que introduzan a perspectiva de xénero e propicien cambios reais, no canto de recorrer unha e outra vez a receitas que amosaron a súa ineficacia e que non foron capaces de mudar a difícil situación das mulleres galegas no eido laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
3ª :

Que valoración fai o goberno da situación actual da muller no mercado laboral
galego?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonzo
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 17/02/2022 12:03:41

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2022 12:03:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/02/2022 12:03:54



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En Galicia a brecha salarial persiste, é dun 19,3 %, o que a tenor do estudo realizado polo sindicato UGT Galicia, provoca que as traballadoras galegas perciban case 5.000 euros menos ó ano.

Pero é que esta brecha sube ata o 30,4 % si se analiza só o sector privado e ó 35 % no caso das mulleres que cobran pensións de xubilación. No 2002 a diferenza da contía das pensións era de 188,48 euros e agora elévase ata os 418,89 euros

Considera tamén a organización sindical que as subas do SMI e a reforma laboral, convértense en dous aliados contra a brecha salarial. Concretamente a subida do SMI en decembro do 2018, do 22,3 %, a maior subida en catro décadas fixo que a brecha baixara dous puntos en relación ó ano anterior.

As razóns detrás da brecha salarial son múltiples e complexas, esta está relacionada con factores máis aló da propia remuneración polo mesmo traballo, aínda que este é un dos fundamentais. Está relacionada coa súa representación no mercado laboral, co modelo de contratación que soportan as mulleres, que sofren máis parcialidade involuntaria, cunhas carreiras profesionais menos estables por ter que asumir en moitas ocasións a conciliación ó cen por cento, por ter unha maior representación en sectores máis precarizados pero o que hai que ter claro é que todo isto conduce, tanto no presente laboral como no seu futuro de cara á xubilación ou posibles situacións de desemprego, en moitas ocasións a situacións que rozan o risco de pobreza e a exclusión social.

As cifras e as estatísticas son claras e contundentes. As mulleres galegas, son as terceiras pola cola en retribución por hora traballada, en relación co resto do Estado obsérvase que as mulleres galegas, con 13,40 euros horas.

As mulleres galegas perciben un salario medio similar ó que cobraban os homes hai 12 anos e a cantidade que deixan de percibir nun ano supera os 2.000 millóns de euros en Galicia.



É dicir, as mulleres galegas cobran 4.724,57 euros menos ó ano que os homes. As mulleres galegas perciben un salario medio, o dato máis próximo, ó que percibían os homes nos anos 2007/2008, máis dunha década atrás, o que pon de manifesto a lenta revalorización do salario feminino.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a fenda salarial entre mulleres e homes, en particular de que as mulleres galegas de media perciban 5.000 euros de salario menos ao ano que os homes?
2. Que valoración fai o Goberno galego de que as mulleres galegas perciban un salario medio similar ó que cobraban os homes hai 12 anos e a cantidade que deixan de percibir nun ano supera os 2.000 millóns de euros en Galicia?
3. Que pensa o Goberno galego sobre a fenda salarial referida ás pensións de xubilación?
4. Que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Noa Díaz Varela

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2022 12:18:39

Noa Susana Díaz Varela na data 17/02/2022 12:18:51





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 12:26:56
Nº Rexistro: 30775
Data envío: 17/02/2022 12:26:56.136

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2022 12:19:04

Marina Ortega Otero na data 17/02/2022 12:19:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-RQoLXC9OV-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O traballo das mulleres galegas no sector pesqueiro, no que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental en termos sociais e económicos. Non obstante, as mulleres seguen a ter, neste sector, escasa visibilidade, ou máis ben sofren invisibilidade. Seguen a sufrir, tamén, unha forte fenda con respecto aos homes e onde máis se nota é nas condicións laborais, nos salarios e á hora de conciliar o traballo coa vida familiar.

A pesar de ser maioría en moitos dos traballos do mundo do mar como pode ser no caso de redeiras, mariscadoras, traballo nas conserveiras apenas acceden aos órganos de dirección, representación e organización do sector da pesca. Por poñer só un exemplo dos 63 patróns maiores dos pósitos galegos só 5 son mulleres. Sendo, polo tanto, inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten este acceso, e aquí as administracións, con competencia na materia, teñen moito que dicir e moito por facer para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector fundamental na nosa Comunidade Autónoma.

Visibilizar e apoiar as contribucións das mulleres no sector da pesca, defender os dereitos das que traballan en actividades vinculadas co mar e facilitarlles a participación no deseño das políticas que favorezan ao colectivo das mulleres do mar serán a base para acadar o seu empoderamento no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia.

A pesca, marisqueo, a acuicultura, e en xeral, todo o traballo que xira en torno ao mar precisa dun enfoque técnico en materia de igualdade, que con perspectiva de xénero, estudie, analice, estableza diagnósticos e realice propostas de medidas correctoras. Isto, no caso de Galicia, polo peso e as características específicas da pesca, do marisqueo e da acuicultura faise imprescindible.

En Galicia contamos cunha única asociación de ámbito galego de mulleres no sector pesqueiro, constituída en decembro de 2016 como “ Asociación de Mulleres do Mar de Arousa”, pero que en 2021 ampliou o seu ámbito xeográfico a toda a Galicia pasando a denominarse “Asociación Mulleres Salgadas de



Galicia”, co obxectivo de recoñecer e poñer en valor o traballo feminino galego neste sector. Aglutina a máis de 2.000 mulleres do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateeiras, empresarias, oceanógrafas, biólogas, peixeiras, empresarias do turismo vinculadas ao mar, patroas de embarcacións, directivas .

Esta asociación considera, que se deben de adoptar medidas, que sirvan para promover e facilitar o acceso das mulleres aos órganos de dirección, representación e organización no sector da pesca galego.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego adoptar medidas necesarias de cara a promover e facilitar o acceso das mulleres aos órganos de dirección, representación e organización no sector da pesca galego?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 17/02/2022 12:22:37

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2022 12:22:51

Noa Susana Díaz Varela na data 17/02/2022 12:23:01



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pequeno comercio desaparece. Leva tempo extingúndose, pechando negocios nas cidades, nos barrios, pero a súa extinción esta sendo máis acelerada e fulminante en pequenos e medianos municipios.

O peche do pequeno comercio é unha tendencia estendida, que deixa rúas con moitos locais pechados. Pero nas zonas rurais máis despoboadas as consecuencias son moi graves. O número de locais comerciais baleiros en Galicia a data de xaneiro de 2022 é de 6.800, segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias. O análise por provincias e municipios, mostra que máis dun terzo dos baixos dispoñibles en aluguer, concretamente 2.500, localízanse en pequenos e medianos municipios.

Este sector xa experimentou as consecuencias moi negativas desta pandemia da Covid-19, lembrar unha vez máis que a media de perdas alcanzadas sitúase entre o 30 % e o 40 % neste sector e no que se refire ao emprego, a diminución das vendas lóxicamente mostra unha baixada do emprego de ata o 2,6 % en Galicia. No ano 2021 pecharon 672 pequenos comercios é o sector onde máis negocios pecharon despois da hostalería.

A situación estase volvendo insostible para o pequeno comercio dende o punto de vista económico. Está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación na Galicia rural. Un sector formado por pequenos negocios con poucos marxes de beneficios e que dependen da capacidade de consumo da cidadanía.

Esta crise no pequeno comercio afecta directamente o gran problema do despoboamento da nosa terra que acelera o peche dos pequenos negocios no rural. Se no rural non temos servizos, non temos comercio, non temos empregos, no teremos poboación.

O noso grupo parlamentario vimos reivindicando no que levamos de lexislatura axudas para ó sector do pequeno e mediano comercio para que poidan saír desta



crise. Crise económica onde están quedando polo camiño moitos pequenos comercios.

O Goberno autonómico dedica escasos recursos económicos ao pequeno comercio no rural tendo en conta as urxentes necesidades existentes deste sector. Isto o podemos comprobar nos orzamentos deste ano onde descende a partida de comercio en 5.118.994 con respecto ó orzamento do ano 2021. En 13.117 millóns de euros de orzamento consolidado que ten a Xunta de Galicia para o exercicio 2022 non se incrementa a partida para comercio. O que demostra que o comercio non é un sector estratéxico para a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten pensado o Goberno autonómico elaborar un plan de axudas para o pequeno comercio no rural, dotado de partidas orzamentarias suficientes para o seu rescate e dunha campaña para que a veciñanza merque no comercio rural?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/02/2022 12:13:11

Martín Seco García na data 17/02/2022 12:13:18

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2022 12:13:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda sen poder lograr unha recuperación económica e social sólida despois da crise global acontecida no 2008, a irrupción da pandemia da COVID 19 supón unha nova dificultade para a mocidade galega, con especial impacto sobre a situación do mercado laboral. Cando na media do Estado se acadou xa o nivel de ocupación previo á pandemia da COVID, na Galiza aínda non se chegou a esta recuperación, pois a ocupación é un 0,9% inferior con respecto a 2019. Ademais, estes datos reflicten unha importante fenda de xénero, pois con respecto a 2019, o 73% do emprego perdido corresponde a mulleres.

Se atendemos ao mercado de traballo xuvenil, este caracterízase por unha elevada precariedade e temporalidade, que remata por provocar a incapacidade de independizárense economicamente, consecuencia directa da saída que se produce do noso País de milleiros de mozas que buscan un futuro fóra das nosas fronteiras.

Atopámonos a día de hoxe con datos que son verdadeiramente preocupantes, con 15.000 empregos menos en tan só un ano, dos cales a grande maioría pertencen ao sector servizos, nomeadamente hostalaría e comercio, e onde só 2 de cada 10 persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mozas foron quen de recuperar o emprego perdido, sumado isto a unha caída do 10% na afiliación á Seguridade Social.

Estes datos complementábase cos da temporalidade e a precariedade laboral sabendo que preto dun terzo dos novos contratos teñen unha duración máxima dunha semana e que a contratación en xornada parcial aumentou nun 118% dende 2009 segundo os datos da Consellería de Emprego, ocupando a mocidade un terzo deses contratos cunha media do 50% de temporalidade nos contratos.

O informe de conxuntura do Foro Económico de Galiza advirte tamén da dependencia de sectores como o da hostalaría, sendo un dos sectores máis castigados pola pandemia e un sector cunha precariedade e temporalidade maiúscula e no cal, moitas mozas non puideron acollerse aos ERTes para tentar saír adiante durante a crise.

Atopámonos cun importante agravamento das condicións laborais nas que se atopa a mocidade galega, que se acrecentan no caso das mozas. A pandemia da COVID 19 permitiu observar as eivas e carencias estruturais do mercado laboral galego, cunha economía cada vez máis dependente do sector servizos e cunha fenda de xénero que se fai máis evidente a través das mulleres máis novas do noso País.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos datos de emprego xuvenil? Cal é a valoración que fai da fenda de xénero existente nos datos de ocupación laboral no noso País?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a valoración que se realiza por parte do goberno galego da temporalidade nos contratos da xente moza?

. Que medidas contempla a Xunta de Galiza para revertir a dependencia dos sectores da hostalaría e do turismo no mercado de traballo xuvenil?

. Considera a Xunta de Galiza a realización dun plan de choque que permita mellorar os datos de ocupación xuvenil e a fenda de xénero existente?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2022 12:55:27

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2022 12:55:30

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2022 12:55:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das mulleres trans no eido laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se analizamos a situación do mercado laboral, podemos ver como a ocupación varía terriblemente en función de diversas circunstancias. Un dos colectivos que soporta uns maiores índices de desocupación é o das mulleres trans. As estimacións realizadas por diferentes sindicatos e organizacións sitúan a desocupación das mulleres trans nun 80% de media no estado español, e segundo o estudo da *European Union Agency for Fundamental Rights* no Estado español o 77% das mulleres trans sufriu algún tipo de discriminación á hora de buscar emprego. Este informe sinala ademais que, entre as persoas trans que están a traballar, o 34% sufriu discriminación no entorno laboral.

Isto súmase a que a maior parte das mulleres trans que acceden ao mercado laboral fano a través de empregos precarios, sobre todo en tarefas de limpeza e de coidados, a pesar de que moitas delas contan con cualificacións académicas, sen que se poida obviar tampouco o impacto que ten dentro deste colectivo a prostitución.

Entre as causas desta situación pode destacarse a falta dun apoio familiar e social próximo que padecen moitas persoas trans, e que ademais lles dificulta o acceso ao ensino superior e que incluso supón o abandono dos estudos na etapa obrigatoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación volveuse máis dura despois da irrupción da pandemia da COVID-19, que provocou que moitas mulleres trans perdesen o seu emprego, empurrándoas en moitas ocasións a ter que recorrer aos bancos de alimentos para subsistir e incluso perdendo a súa vivenda.

Aínda que Galiza conta a día de hoxe coa lei 2/204 pola igualdade de xénero e non discriminación das persoas LGBT, o certo é que a situación aínda dista moito de ser de igualdade efectiva. Ademais, ao non contar cunha lei propia de identidade de xénero, a situación das persoas trans vese invisibilizada en moitos casos e non se permite a adopción de medidas concretas para mellorar as súas condicións vitais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. É consciente o goberno galego de situación que atravesan as persoas trans, e especificamente as mulleres trans, para acceder a un emprego? Ten coñecemento das discriminacións que padecen tanto á hora de acceder como unha vez incorporadas ao mercado laboral?

. Ten algunha medida contemplada o goberno galego para realizar un estudo que permita obter cifras oficiais que permitan unha mellor análise?

. Cal é a razón pola que o goberno galego non está a desenvolver plans específicos para mellorar o acceso das persoas trans ao mercado laboral?

. Que medidas ten contempladas para mellorar a situación laboral deste colectivo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2022 13:09:49

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2022 13:09:53

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2022 13:10:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 16 de outubro do 2020, e por iniciativa do BNG, o Parlamento de Galiza adoptou por unanimidade o seguinte acordo: "O Parlamento de Galiza insta ao goberno da Xunta e máis ao goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na Ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadoras e mariscadores pactadas co propio sector."

A inacción da Xunta a este respecto, malia a unanimidade do acordo e da crítica situación das confrarías da ría é absoluta. Aínda máis, boicotea calquera iniciativa do sector encamiñada a procurar luz sobre as causas e posíbeis solucións á problemática da ría de Ferrol.

O comportamento do goberno de Feijoo no que ten a ver coa ría de Ferrol non pode cualificarse senón de negacionismo. Non só descoñece as causas da caída da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produción, senón que se obstina en manter a escuridade sobre a situación da ría e nomeadamente sobre os fondos da mesma.

A cambio, e para confundir a opinión pública, bota man de todo tipo de recursos e argumentos, uns políticos, outros de carácter ou aparencia científica, todos eles debidamente revirados, para manter a ficción de que as actuacións da Xunta na ría de Ferrol están a mellorar a situación.

Mais os datos de capturas deixan en evidencia estes discursos. Os resultados da produción marisqueira do ano 2021 foron obxecto de análise nunha recente reunión celebrada entre representantes do sector e representantes do BNG na comarca de Ferrol.

Nesta reunión, os representantes do sector amosaron máis unha vez a súa profunda preocupación polos resultados e pola tendencia acumulada da produción marisqueira nos últimos anos, singularmente no que respecta á produción de ameixa Babosa, o principal produto da ría de Ferrol en perspectiva histórica, que pasou de 427.412 Kg no ano 2.000 a 25.849 Kg no pasado ano 2021, é dicir, que a produción de ameixa Babosa reduciuse en 20 anos até o 6%.

Nin que dicir ten que o volume de persoal ocupado no sector segue a mesma tendencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Por que a Xunta de Galiza non exerce as súas competencias en materia de produción de marisqueira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Por que a Xunta de Galiza ven boicoteando desde hai anos a elaboración dun estudo integral sobre a situación produtiva da ría de Ferrol que inclúa a situación dos fondos mariños?

3. Por que a Xunta de Galiza se obstina en culpar ao parásito da caída da produción marisqueira contra toda evidencia científica?

4. Por que a Xunta de Galiza nunca realizou ou encargou un estudo sobre os fondos e os sedimentos da ría de Ferrol?

5. Como explica a Xunta de Galiza que a ría de Ferrol aínda manteña zonas C, e sexa a única de todo o estado español que ten zonas sen clasificar?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/02/2022 13:11:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 17/02/2022 13:11:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En relación coa paralización da ampliación da inclusión na Rede Natura 2000 das Brañas do Deo, situadas nos concellos de Aranga, Oza-Cesures e Curtis, o goberno galego enviou a seguinte resposta escrita ao Grupo Parlamentar do BNG:

“A Xunta de Galicia xa está traballando para dotar dunha maior protección a este enclave natural. A través dun estudo para determinar a presenza de hábitats de interese comunitario en Galicia, con fin de avaliar o seu estado e medidas de conservación. E a través dun novo servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os queirogais e matogueiras de Galicia”.

A propósito das Brañas do Deo cómpre lembrar que son un conxunto de humidais (principalmente breixeiros e turbeiras) situados na conca do Deo (afluente do Mandeo), nos concellos de Aranga, Oza-Cesures e Curtis, cunha superficie total de 3.385 ha. Conforman, segundo diferentes estudos e informes, un dos sistemas higroturbófilos máis senlleiros de Galiza, situados nunha ampla penichaira na que se desenvolve un extenso mosaico de ecosistemas turbófilos (7110*, 7140, 7150), matogueiras húmidas (4020*), breixeiros secas (4030) con zonas de afloramentos





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rochosos (8230), que constitúen un complexo de hábitats de elevado interese ambiental, ocupados por diversas especies ameazadas como a *Rana temporaria* e *Sphagnum pylaesii*. Os citados sistemas de turbeiras tamén se atopan en contacto con bosques húmidos de amieiros e freixos considerados prioritarios (91EO*), así como herbais higrófilos (6410, 6430, 6510).

Asemade, a rede fluvial formada polos ríos Deo e Mandeo conforma un corredor ecolóxico con representación do hábitat prioritario *Bosques aluviais de amieiros e freixos* (*Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* 91EO*), e ten un alto interese para a conservación de dúas especies en perigo de extinción, o curso do Deo no linde entre Aranga e Curtis para o fento acuático e o curso do Mandeo desde Montouto para o mexillón de río. Por este motivo foron incluídos no Plan hidrolóxico de Galicia Costa como “treitos de interese de especies ameazadas”.

Segundo consta no Inventario de humidais de Galiza (2003), na contorna das Brañas do Deo están rexistrados 40 humidais que deberían ser obxecto dun plan de protección, conservación e seguimento, mais que están sendo obxecto dun proceso continuado de agresións e degradación, debido principalmente a plantacións forestais.

Os propios informes da administración autonómica advertían en 2016 sobre esta materia: “A actividade forestal, fundamentalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats de interese, nomeadamente a causa da realización de intensas rozas mecanizadas e plantacións forestais acompañadas nalgúns casos da drenaxe dos terreos”.

Ademais, o estudo sobre *Conservación e xestión de humidais* elaborado polo IBADER en 2017 tamén advertía sobre a destrución destes hábitats facendo referencia





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ás consecuencias da intensificación agroforestal en paraxes como San Lourenzo de Vilarraso.

Diante desta situación de continua degradación e perda de biodiversidade en hábitats de interese prioritario e comunitario, nos que existe un mandato de protección por parte da Unión Europea, e tendo en conta a tramitación de numerosos proxectos de explotación industrial na zona das Brañas do Deo que poderían causar danos irreversíbeis en ecosistemas fundamentais para a preservación da biodiversidade e a loita contra o cambio climático, o BNG considera necesario que se usen os instrumentos legais necesarios para protexer estes espazos.

Consideramos urxente a protección do conxunto das Brañas do Deo e dos humidais do Inventario do 2003 que se localizan nesta zona, polo que volvemos a insistir na necesidade da tramitación da súa inclusión da Rede Natura 2000. E de modo transitorio urximos que se empreguen os instrumentos previstos na Lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

-Prevé o goberno galego o establecemento do réxime de protección cautelar ou protección preventiva, previsto na Lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, nos hábitats de interese comunitario e prioritario existentes en Galiza, e nomeadamente naqueles nos que se prevé establecer algunha figura de protección?

-Prevé o goberno galego o establecemento do réxime de protección cautelar ou protección preventiva previsto na Lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade nas Brañas do Deo?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas está levando a cabo a Xunta de Galiza para a protección das Brañas do Deo?

-Que medidas adoptou e prevé adoptar o goberno galego para protexer os humidais inventariados na área das Brañas do Deo e evitar a súa degradación e destrución?

-Que instrumento de protección prevé a Xunta para as Brañas do Deo?

-Que estudos ou informes recabou o goberno galego para coñecer o estado e as medidas de conservación e protección das Brañas do Deo?

-Que hábitats prevé protexer o goberno galego nas Brañas do Deo e que superficie total prevé que se protexa?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2022 13:42:01

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2022 13:42:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/02/2022 13:42:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza promova unha maior entrada das mulleres nas TIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe as TIC seguen a crecer dun xeito imparable xerando unha situación na se requiren máis profesionais que persoas formadas saen da universidade. Esta é unha tendencia xeral no mundo e que vai seguir indo a máis.

Unha das razóns polas que é importante que Galiza non perda este tren é un o feito de que as TIC son a ollos de todos e todas un punto forte en materia de emprego que pode axudar a incorporación dos nosos mozos e mozas, mais faise necesario que nos focalicemos nas mozas.

Cometeríamos un grande erro como sociedade se non facemos nada para evitar seguir perdendo todo ese talento nas tecnoloxías por culpa de ideas preconcebidas de xénero, xa que é innegable que existen estereotipos que afastan ás mozas deses estudos.

Neste ámbito é fundamental dispoñer de profesionais con coñecemento, talento e capacidade de innovación por encima de todo, polo que se fai aínda





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis necesario actuar desde as idades máis temperás introducindo no ensino a realidade da informática, das tecnoloxías, da programación, da robótica e da intelixencia artificial co obxectivo de lograr que as mozas comecen a ver todo o interesante e motivador que hai nestas materias, moi lonxe dos estereotipos que nos impoñen e nos fan crer por unha parte da industria cultural, escrita e audiovisual. Programar, xestionar recursos informáticos, desenvolver aplicacións e todo o relacionado é positivo, bonito, creativo e enriquecedor.

Para acabar con isto é certo que non axuda a baixa consideración social que teñen actualmente os informáticos, infravalorados e caricaturizados inxustamente cando precisamente estamos inmersos na era dixital que abrangue todos os sectores produtivos, sociais e de ocio actuais.

Todo isto provoca que non sexa casualidade que a falta de coñecemento das opcións dispoñibles nas TIC, a falta de modelos próximos e de proxectos divertidos e interesantes no ámbito escolar que teñan unha compoñente de xénero, sexan identificadas como as principais causas da fenda dixital feminina no sector TIC, no que na actualidade en Galiza significa que no noso país haxa datos como que soamente o 14,3% das empresas tecnolóxicas galegas contan con mulleres en postos de dirección, que unicamente no 9,3% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal ou que aínda haxa arredor dun 30% de empresas TIC galegas que non contan con mulleres entre o seu persoal .

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza os actuais datos de incorporación da muller ao sector das TIC?
- Considera a Xunta de Galiza que son necesarios máis investimentos para a promoción da incorporación das mulleres ao eido das TIC en Galiza?
- Ten a Xunta de Galiza pensados novas actuacións para acabar coa fenda dixital neste eido?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/02/2022 13:45:06

Ramón Fernández Alfonso na data 17/02/2022 13:45:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 17/02/2022 13:45:19

María do Carme González Iglesias na data 17/02/2022 13:45:28



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, José Manuel Balseiro Orol, Borja Vereza Fraiz, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Comisión Europea reconece que, en todos os países da UE, a participación das mulleres no mercado laboral é inferior a dos homes, de feito, esta institución sinala que estas tenden a traballar menos horas, en sectores con salarios máis baixos e a ocupar postos de menor categoría que os homes, o que se traduce na existencia de diferencias laborais e salariais entre xéneros.

De feito, a nivel nacional, o peso das mulleres no total do paro rexistrado é maior ao dos homes, chegando ao 58,73%, segundo os datos publicados polo SEPE en decembro de 2021. Pero tamén é certo que, en Galicia e para o mesmo mes, a pesar de que a cifra de mulleres desempregadas (87.841) foi a máis baixa de toda a serie histórica (maio 2005), esta segue a ser superior ca dos homes.

Por ese motivo, é imprescindible seguir traballando por unha igualdade real e efectiva, en todas as esferas da vida, incluída a laboral, e coa implicación de toda a sociedade, especialmente a dos poderes públicos.

Neste sentido, destaca o labor da Xunta de Galicia, que no ámbito das súas competencias, está a desenvolver numerosas iniciativas como o programa Emega para fomentar o emprendemento feminino e ofrecer unha oportunidade de inserción e mellora no ámbito laboral das mulleres; ou os diferentes plans estratéxicos para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que contemplan numerosas actuacións no ámbito laboral, entre outras ferramentas.

Non obstante, a pesar das medidas previstas, a Consellería de Emprego e Igualdade, consciente da necesidade de seguir impulsando actuacións para promover a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, garantir a súa permanencia no emprego e fomentar que as condicións profesionais melloren progresivamente ata equipararse coas dos homes, vén de anunciar o Plan Emprega Muller.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



1. Que actuacións concretas contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Emprego e Igualdade?
2. Cal é o investimento previsto para o 2022 deste plan?
3. A cantas persoas prevé beneficiar?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 17/02/2022 14:11:21

José Manuel Balseiro Orol na data 17/02/2022 14:14:29

María Corina Porro Martínez na data 17/02/2022 14:14:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2022 14:15:20

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/02/2022 14:15:39

Borja Vereza Fraiz na data 17/02/2022 14:16:19

Noelia Pérez López na data 17/02/2022 14:18:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2022 14:20:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A igualdade de oportunidades está recoñecida na nosa Carta Magna e, tamén, no Estatuto de Autonomía de Galicia, sendo a súa garantía un deber dos poderes públicos.

Neste sentido, e como non pode ser doutra maneira, o Goberno autonómico ten asumido un firme compromiso coa sociedade galega en favor da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Unha responsabilidade que se vén materializando en ferramentas como o Plan de conciliación e corresponsabilidade, o Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o protocolo para a prevención e tratamento do acoso sexual no traballo ou Plan Emprega Muller, entre outras.

Concretamente, a través do Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes articuláronse políticas públicas para consolidar os logros acadados nos últimos tempos, reforzar as medidas dirixidas á eliminación das distintas fendas de xénero e sentar os cimentos para conseguir novos avances na igualdade entre mulleres e homes, todo co fin de contribuír ao desenvolvemento social e económico de Galicia.

Ademais, cómpre destacar que a planificación e obxectivos do VII Plan Estratéxico 2017-2020 estiveron marcados polo principio de transversalidade de xénero, tal e como demostran as 253 accións deseñadas orixinalmente, que abranguían tódalas áreas e condensaban as directrices dos seus tres capítulos: integración do principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno, áreas estratéxicas para a igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero.

Non obstante, rematado o período de vixencia do mesmo, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera necesario obter unha radiografía clara e detallada da execución do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, así como saber cales son os puntos de mellora ou propostas de actuación que darán paso ao oitavo.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular fai as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- Cal é a valoración que fai a Consellería de Emprego e Igualdade do cumprimento das medidas do VII Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?
- Á vista das conclusións do VII Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, cales son os desafíos máis inmediatos para acadar a igualdade real e efectiva en Galicia?
- Cal é a situación actual e que se pode avanzar do VIII Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 17/02/2022 15:47:28

María Corina Porro Martínez na data 17/02/2022 15:47:53

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 17/02/2022 15:48:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2022 15:48:57

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/02/2022 15:49:10

José Alberto Pazos Couñago na data 17/02/2022 15:49:20

Noelia Pérez López na data 17/02/2022 15:49:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2022 15:49:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre o encarecemento e tratamento fiscal dos gastos por locomoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IPC para o ano 2021 na Galiza situouse no 6,7%, fronte ao 6,5% do Estado español. Entre os produtos que máis incidencia tiveron nesta alza desmesurada figuran a vivenda, o transporte, alimentos e bebidas non alcohólicas, así como hoteis, cafés e restaurantes.

Independentemente dos datos anuais de IPC, que recollen alzas descoñecidas, o certo é que a tendencia en practicamente todos os produtos é a de encarecerse ano tras ano, e nomeadamente, no caso dos combustíbeis para vehículos, aínda que existiron anos nos que baixaron, o encarecemento acumulado desde o ano 2011 é o seguinte: Sen chumbo 98: 16,83%; Sen chumbo 95: 15,05%; Gasóleo A+: 12,17%; Gasóleo A: 9,85%.

O encarecemento dos combustíbeis, principalmente, mais tamén o encarecemento de outros produtos e servizos necesarios para un correcto mantemento do vehículo particular (17% desde o ano 2011), está a ser causa de discusión nas mesas de negociación dos convenios colectivos galegos, nos que a parte sindical estar a demandar unha suba das cantidades destinadas a compensar os gastos nos que incorre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoa traballadora cando ten que realizar desprazamentos no seu propio vehículo, o que se coñece como gastos de locomoción ou de quilometraxe.

Acontece que as cantidades aboadas pola empresa neste concepto, dada a súa natureza indemnizatoria e non salarial, están exentas de cotización á seguridade social así como de tributación polo IRPF até os límites fixados no artigo 9 do Regulamento deste imposto, a saber 0,19€ por Km, unha cantidade que non se revisa desde antes do ano 2011, que tomamos como referencia nesta iniciativa.

É por esta razón que a maioría dos convenios galegos que establecen contías para compensar estes gastos de locomoción ou quilometraxe fixan esta mesma cantidade de 0,19€/Km.

Non é así nos territorios de Euskadi ou Nafarroa, con facendas e regulación propias, e nos que as cantidades aboadas polas empresas ao seu persoal en concepto de quilometraxe están exentas até os límites de 0,29€/Km. nos tres territorios de Euskadi, e de 0,32€/km. no territorio foral de Nafarroa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Vai involucrarse o Goberno galego para que o aumento dos custes de transporte e mantemento dos vehículos non supoña perda de poder adquisitivo para as persoas asalariadas de Galiza?

. Ten realizado a Xunta de Galiza algunha valoración de como está a incidir este aumento no poder adquisitivo do persoal asalariado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten pensado promover a Xunta de Galiza que os organismos de participación e consulta dos axentes sociais da Galiza promovan algún estudo a este respecto?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/02/2022 16:26:39

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2022 16:26:45

Daniel Pérez López na data 17/02/2022 16:27:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o impulso por parte do goberno galego de políticas que promovan a igualdade no sector industrial da Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das grandes carencias da Xunta de Galiza nos últimos anos de goberno de Feijóo ven sendo a falta dunha política industrial clara e decidida.

Durante estes 12 anos destruíronse máis de 12.000 postos de traballo no sector industrial.

Desde o BNG vimos demandando o impulso dunha política industrial activa que concretamos por sectores en diferentes propostas e iniciativas, que precisan en todos casos da interlocución cos diferentes axentes representativos neses ámbitos. En todos os casos a nosa preocupación e as nosas propostas teñen dous obxectivos claros: a implantación e consolidación de novas actividades industriais e do emprego a elas vinculadas. Con especial énfase naquelas actividades de maior compoñente tecnolóxica e valor engadido, que poden xerar emprego de maior calidade.

No actual contexto de asignación de recursos públicos para impulsar a reactivación económica a problemática específica da igualdade debería estar moi





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presente en todas as áreas de goberno, pois pode representar a mellor ocasión para salvar unha das principais e máis constantes dificultades a nivel de emprego, como é o acceso e a promoción profesional da muller ao sector industrial en igualdade de oportunidades.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Ten o goberno galego algunha iniciativa que promova a igualdade no ámbito industrial?

. Ten en conta o goberno galego as medidas a favor da igualdade como criterio para concorrer e adxudicar fondos destinados á recuperación económica?

. Ten coñecemento o goberno galego do grao de implantación, cumprimento ou eficacia dos plans de igualdade empresariais no sector industrial?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/02/2022 16:52:40

María do Carme González Iglesias na data 17/02/2022 16:52:43

Daniel Pérez López na data 17/02/2022 16:52:51

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2022 16:53:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os incumprimentos laborais da Xunta de Galiza e da empresa MERSANT Vigilancia, adxudicataria da seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a empresa MERSANT VIGILANCIA SL, adxudicataria desde novembro de 2020 do “Servizo de vixilancia e seguridade do Hospital Público de Verín e do Hospital Público de Valdeorras” ten incumplido de forma manifesta as condicións laborais pactadas coas traballadoras e traballadores asignados a ese servizo e recollidas no convenio colectivo en vigor do sector da seguridade privada.

Concretamente, e entre outras cuestións, esta empresa estivo a incumplir o artigo 28 do convenio ao respecto das retribucións do persoal, que deben de ser aboadas nos tres primeiros días do mes ou, se for o caso, nos cinco primeiros. A isto únese a non cobertura con persoal extra das baixas laborais e períodos vacacionais...

O máis grave desta cuestión é que chove sobre mollado e o persoal de seguridade destes dous centro hospitalarios pertencentes ao SERGAS chega a esta situación tras teren sufrido un proceso similar en 2019 coa entón empresa adxudicataria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A1 S.L.) que iniciou un proceso similar de incumprimentos que xa foi traído a este Parlamento e que rematou despois de varios meses cunha rescisión de contrato e o adebedamento de 4 nóminas, 1 paga extra, vacacións non desfrutadas e máis de 300 horas extras non aboadas a dous vixilantes por cubriren unha baixa médica.

Desde o abandono do servizo por parte desa empresa a Área Sanitaria fixo un contrato ponte coa empresa PROSETECNISA que accede ao contrato no 1 de febreiro de 2020. A finais dese mesmo mes saíron publicadas as bases do novo concurso pero unha vez publicadas prodúcese unha impugnación ás mesmas por erros graves debéndose repetir de novo o proceso até o efectivo acceso o 1 de novembro de MERSANT VIGILANCIA.

Ao tempo, desde o mes de marzo, comezaba a presentación de demandas pola falta de pagamento das nóminas tanto contra o SERGAS como ante as dúas empresas (Seguridade A1 e Prosetecnisa) así como ante o Administrador concursal da empresa orixinaria xa que esta entra en Concurso de Acreedores.

A entrada no servizo de MERSANT xa comeza cun primeiro incumprimento no pagamento da nómina que naquel momento (xaneiro de 2021) xa é comunicado á dirección do Hospital do Barco.

En febreiro comezan a saír as sentenzas xudiciais contra todas as partes inculpadas no procedemento que ademais fan responsábel subsidiario ao SERGAS ademais das outras partes e condeándoos a pagar o 100% dos salarios adebedados, as costas e os intereses de demora. Nese momento só quedaban no procedemento os 5 vixilantes do Hospital Público do Barco de Valdeorras, xa que os de Verín aceptaron a proposta do Administrador Concursal e acabaron cobrando por FOGASA.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É en novembro cando o SERGAS comeza a aboar o que manda a sentenza pero facéndose cargo só de 2/3 do montante total da débeda, debendo facerlle un requerimento o xuíz para que abone o 100%.

Despois deste despropósito chegamos a unha serie de impagos e atrasos dos salarios por parte da actual empresa adxudicataria que es agudizan nos meses de novembro e decembro. A día de hoxe (17 de febreiro) os traballadores teñen sen cobrar as nóminas de xaneiro.

A cuestión, xa grave de por si, agrávase aínda máis cando se comproba que a empresa ten importantes débedas en vigor tanto coa Seguridade Social como coa Axencia Tributaria, expedientes abertos pola inspección de traballo... o que a incapacitaría para asinar contratos coa administración pública.

É importante recordar que estamos a falar dun servizo privatizado que se paga con diñeiro público para un servizo que é público e polo tanto SERGAS e Xunta de Galiza deben de implicarse e ser proactivos para solventar unha problemática que, por reiterativa, excede a excepcionalidade para se converter nun problema estrutural para o servizo que afecta neste momento a 10 familias das comarcas de Valdeorras e Verín pero que pode ser extensivo a moitos outros lugares xa que a mesma empresa ten en vigor varios contratos en centros da Consellaría de Política Social así como doutras administracións públicas.

De feito nos últimos días teñen aparecido en prensa distintas informacións de gravidade relacionadas con algúns deses contratos e incluso esa mesma Consellaría de Política Social ten rescindido algúns deses contratos por impagos e asinado contratos de urxencia con outras empresas do sector. Así os centros de menores foron asignados xa,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na súa seguridade, a SASEGUR mentres que na Consellaría de Sanidade non se fai o propio cos Hospitais Comarcais da provincia de Ourense.

Ante a evidente e entendíbel inquedaanza dos traballadores desde as direccións dos distritos non se están a achegar solucións de ningún tipo e comínaselles a agardar acontecementos entre rumoroloxía de distinta índole co conseguinte prexuízo aos seus intereses e nunha lamentábel deixación de funcións da propia Área Sanitaria que é a responsábel última do servizo.

Por outra banda resulta sorprendente que os servizos de seguridade dos Hospitais de Verín e Valdeorras se manteñan precarizados de xeito reiterado nun contrato independente do que mantén o Complexo Hospitalario de Ourense toda vez que os tres centros fan parte dunha mesma área sanitaria e que o servizo no CHUO non está a arrastrar problemas deste tipo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Como liquidou o SERGAS o contrato coa anterior empresa adjudicataria do servizo, SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A1 S.L.?
- Recuperaron os importes non pagados aos traballadores?
- Ten abonado a día de hoxe o SERGAS todos os pagamentos derivados das sentenzas xudiciais a favor dos vixilantes incluíndo costas e intereses de demora?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A que se debe, neste momento, a inacción do SERGAS ante os sucesivos incumprimentos de contrato no referido a pagamento de salarios por parte da empresa MERSANT VIGILANCIA?

- Tiña constancia a Xunta de Galiza no momento da formalización do contrato das débedas da empresa MERSANT VIGILANCIA coa Agencia Tributaria e coa Seguridade Social?

- De ser a resposta afirmativa, quen é a persoa responsábel da adxudicación dese contrato?

- De non ter constancia desas débedas naquel momento, houbo algunha incorrección na adxudicación do mesmo ao faltar documentación necesaria?

-Que accións vai tomar a Xunta de Galiza ante a empresa adxudicataria que non está a pagar as nóminas aos traballadores? Por que non se fai cumprir a lei de contratos públicos?

- Teñen previsto agardar de novo catro meses de faltas de pagamento de nóminas de novo?

- Por que non se unifica o contrato de xestión do servizo de Seguridade en toda a área sanitaria?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Iria Carreira Pazos
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Daniel Pérez López
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 17/02/2022 17:27:42

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2022 17:27:45

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2022 17:27:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/02/2022 17:28:02

Daniel Pérez López na data 17/02/2022 17:28:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e nas normas de funcionamento da Comisión de control da CRTVG, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a cobertura que realiza a RTVG do deporte galego.

Exposición de motivos

Na fin de semana do 12 e 13 de febreiro houbo un grande evento deportivo no noso país como eran as fases finais da Copa da Raíña de voleibol que se celebraron na cidade de Lugo.

Afortunadamente, o noso país contaba con representante neste importante evento deportivo de alto nivel. Pola contra e a pesar da importancia desta cita para o voleibol galego e para o deporte feminino en Galiza, a RTVG decidiu non retransmitir ningún partido da Copa da Raíña de voleibol, preferindo partidos de fútbol da Liga portuguesa ou da Liga Francesa.

O grave do problema é que esta situación non é algo estraño, xa que se fai moi habitual ver como semana tras semana os grandes eventos deportivos do noso país son substituídos por emisións de ligas de fútbol do estranxeiro, na que ningunha equipa galega xoga.

Alén disto, o deporte galego observa unha grande diferenza na retransmisión dependendo da disciplina deportiva da que se trate. Isto débese a que os clubs de voleibol, balonmán ou demais deportes ven continuamente como a canle pública non lles dá apenas cobertura algunha, sendo sempre o fútbol o escollido.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG entendemos que a nosa canle pública debe tratar de dar visibilidade do xeito máis equitativo a todos os clubs galegos de todas as disciplinas deportivas, sen que o fútbol monopolice as súas emisións e garantindo que deportes menos maioritarios teñan tamén o seu oco, xa que isto é vital para a súa promoción e visibilidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Considera a RTVG e a Xunta de Galiza normal que un evento da importancia da Copa da Raíña que se disputou en Lugo non fose retransmitida en directo na nosa canle pública?
- Pensa a Xunta de Galiza que a RTVG está a favorecer a promoción e visibilidade dos clubs galegos de alto nivel que non practiquen o fútbol?
- Vai a Xunta de Galiza pular por unha mellor repartición do espazo televisivo de todos os deportes?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Olalla Rodil Fernández

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 14/02/2022 18:04:20

